

ACTA

Expediente núm.:

PLN/2021/5

Órgano colexiado:

O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de abril de 2021
Duración	Desde as 20:33 ata as 0:22 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ



Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	NON
Escusas de asistencia presentadas: 1. Ángela Valcárcel Bernárdez: «Maternidade»	

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a Presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

Sra. Alcaldesa: Benvidos e benvidas a esta sesión plenaria número 5/2021, sesión ordinaria do mes de abril, aproveitar para informar á veciñanza, veciños e veciñas que seguramente nos estean vendo a través das redes sociais, tamén ao Partido Popular, sei que están informados que Salceda vai pasar a partires de hoxe as doce da noite a nivel alto de restricións do COVID, teño que dicir que levamos tres días con 18 casos todos eles localizados e ata o de agora controlados, cinco dunha mesma unidade familiar, tres no CPE Altamira e un número de cinco persoas que proveñen dunha empresa de Porriño e ademais onde se efectuou un cribado hai uns días. Estes niveis mídense moitas veces pola incidencia, son cálculos matemáticos, eu recibín a chamada do SERGAS, Xavier o Xerente, para informarme deste paso de nivel alto de Salceda de Caselas, se ben é certo que o martes haberá de novo comité sanitario, agardarmos que nos volvamos a situar no nivel que estabamos ata de agora, que iso non supoña un impedimento para a hostalería, a nosa hostalería por sorte non tivo demasiada restricións ata o de agora pero dende logo, tendo este número de casos e estando controlados cremos que non sería necesario estar en nivel alto, en todo caso, respecto máximo, cumprimento máximo das medidas e colaboración absoluta como dende un comezo co SERGAS e seguiremosvos informando nos vindeiros días.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Acta sesión número 2021/2, ordinaria do 25 de febreiro de 2021

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2021/2, ordinaria de 25 de febreiro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sr. Rodríguez Davila: Boas tardes noites a todos os membros da Corporación e aos



veciños que nos están escoitando-vendo, quero aproveitar para desculpar a compañeira Angela, que está nun proceso, que si todo vai ben pois nos vindeiros días-semanas traerá un novo salcedense, polo tanto dende aquí darlle o noso ánimo, darlle o noso apoio, que estea tranquila que seguro que todo sairá ben.

Sra. Alcadesa: Nos sumamos todos a eses parabéns, que se coide moito e que seguro que nos está seguindo, Ángela que todo vaia ben.

Sra. Tourón Domínguez: Boa tarde a todos e a todas, a Corporación e a veciñanza que nos sigue dende as casas eu tamén me sumo coma o compañeiro Santi e a Alcadesa a que todo saia ben por parte da compañeira da Corporación Ángela. En canto a acta, na páxina 9 na miña intervención, creo que quedou unha frase sen completar pon “incluímos por primeira vez que era un compromiso electoral” pero non se acaba a frase do que incluímos debería por “incluímos as traídas por primeira vez”.

Sr. Núñez Troncoso: Na páxina 24 no segundo párrafo, sétima liña hai un punto seguido dun interrogación pon “que pasa co cumprimento” e é “que pasa co incumplimento”.

Sra. Alcadesa: Na páxina 64 no terceiro ao final da frase repítese “aínda que rematei dicindo que queda moito por facer” repítese dúas veces, eliminar unha delas.

VOTACIÓN: Non existindo máis observación a acta, pola Sra. Alcadesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2021/2, ordinaria de 25 de febreiro; sendo aprobada por UNANIMIDADE dos/as doce Sres/as Concelleiros/as asistentes a sesión.

Expediente 755/2021. Recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 2/2021.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Pereira González: Boas tardes a todos – todas, Concelleiros – Concelleiras, e aos veciños que nos seguen nas súas casas a través da pantallas. Arrancamos o pleno como sempre coa parte económica. Recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2021, este é o segundo recoñecemento extraxudicial de crédito que se vai a cargar ao orzamento do exercicio 2021 e recordamos que o recoñecemento extraxudicial de crédito é unha figura legal, regulada e habitual. A lo menos unha vez ao ano todos os Concellos temos que facer uso desta figura que o que permite é pagar facturas dun exercicio con cargo a outro, o seguinte ou máis adiante, na maior parte dos casos soen ser por facturas que cando son presentadas non teñen crédito nese momento e



outras veces é por presentacións extemporáneas, é dicir, presentan unha factura de servizos do exercicio anterior, pois aínda que teñan crédito nese momento non se pode tampouco aprobar se non é a través de recoñecemento extraxudicial de crédito é da aprobación plenaria desas facturas.

Neste caso o importe do REC ascende a 529.129,08 € e dividimos en tres grupos de gasto estes cinco centos mil euros. Por unha banda, facturas de gasto corrente rexistradas nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e incluso creo que hai algunha de abril, que corresponden a servizos do exercicio anterior e teñen data de facturación do exercicio anterior e polo tanto, non poden ser imputadas a este orzamento, ascende a relación a un total de 236.938,72€ e se anexa no expediente o listado de facturas son entorno a unhas 400 facturas, nelas hai gastos de electricidade, gasóleo, limpeza de mantementos varios. Por outro lado temos gasto de inversión, 220.686,36€ de gastos de inversión que no seu momento non tiñan partida e que a día de hoxe, e unha vez que temos o orzamento aprobado e estaban contemplados estes gastos no orzamento que aprobamos polo tanto se poden aprobar. Dicir que na Comisión se detectou un erro na relación de facturas de inversión, faltaba un pequeno grupo de facturas por incluír e incluíranse dúas por erro, polo tanto se fixo por parte de intervención a modificación do anexo de listado de facturas, se fixo un informe rectificativo, se modificou a proposta para poñer o importe correspondente, xa que na proposta inicial tiñamos 485.000€, creo recordar, e son 529.000€. E por último temos tamén un serie de gastos que non son en realidade facturas, son as liquidacións do Consorcio Galego de Igualdade, o que pagamos pola Galiña Azul, uns gastos que lle temos que pagar a Comunidade de Montes de Entenza polo gastos que xera a aula de infantil que está no seu edificio, a cota da comunidade de propietarios do piso do que somos propietario da rúa Arxentina e as achegas ao transporte metropolitano. Con estes gastos o problema foi administrativo, no momento que se implantou a facturación electrónica dende o FACE as facturas pasan directamente ao programa de contabilidade e este tipo de gastos non son facturas propiamente, son un rexistro e ao final entre a falta de persoal e o que non entraron na contabilidade se foron trasapelando; agora que xa empezamos a ter certa estabilidade e a poñer as cousas ao día pois traemos estes pagos que como digo, igual que a inversión, xa estaban contemplados. Todas elas son facturas de traballos realizados, obras feitas, servizos prestados, todas elas teñen a conformidade do Concelleiro correspondente e é a nosa obriga como Concello pagarlle aos provedores polo traballos feitos, polos servizos prestados.

Sr. Núñez Troncoso: Boas noites, é verdade estamos ante unha figura legal, regulada como di a Concelleira de área pero tamén estamos ante unha figura excepcional, que iso non o dixo. Fala vostedes das últimas facturas, di que non son facturas, pero se non son facturas como é que se van a pagar? Me imaxino que haberá que pagar contra factura.

Este segundo recoñecemento extraxudicial de crédito de 529.000€ hai que recordar



que fai dous meses exactamente se nos di en Comisión informativa que sería aproximadamente 240.000€, este luns se nos dixo que ían a ser 485.000€ e agora son 529.000€. Iso di moito do control que levan vostedes sobre orzamento. En total se deixaron sen pagar do ano 2020 un total de 1.952.000€, un 52% do gasto corrente, é dicir, máis da metade do gasto corrente se vai a consumir co pago destas facturas, unha auténtica barbaridade, unha auténtica irresponsabilidade tanto da Alcaldesa como do equipo de goberno. Non solo é unha barbaridade polo importe senón tamén pola xestión económica do goberno. Mire, se van vostedes ao informe de intervención nos di: *“a maioría das facturas e gastos obxecto de recoñecemento extraxudicial que nos ocupan carecen de todo tipo de tramitación administrativa e contable e respecto dos cales non consta a xustificación da súa necesidade, fiscalización e autorización previa do gasto”*. Isto é grave, moi grave, seguimos co informe de intervención: *“no presente recoñecemento extraxudicial inclúense gastos correspondentes a exercicios anteriores que se imputan ao orzamento 2020 que teñen como causa para a súa imputación ao exercicio correspondente ou ben a presentación extemporánea das facturas que xustifican os gastos de que se trata”* que non é o caso na maioría delas, *“de xeito que puideron ser imputadas ao exercicio en que se realizaron os gastos por falta de presentación dos xustificantes ou ben por defecto da consignación orzamentaria”*. Este é o motivo fundamental deste recoñecemento extraxudicial. Seguimos co informe de intervención: *“advírtese que a existencia de facturas sen tramitar ata o día da data determina, ademais de todo o anterior, o incumprimento da orde de prelación na tramitación do expediente establecido pola Lei 39/2015 sen que se xustifique adecuadamente o motivo de alteración desta prelación”* Está dicindo que se van a pagar unhas facturas antes que outras aínda que entraran con anterioridade, incumprimento da Lei de contratos, fraccionamento das facturas dos contratos adjudicados a dedo. Temos facturas sen pagar do ano 2019 por aproximadamente 40.000€, algunhas teñen dous anos e dous meses, ningún di cumprir os trinta días, sabemos que é complicado, todo o mundo sabemos que é complicado cumprir os 30 días que marca a lei pero dous anos e dous meses creo que xa é máis que suficiente e 78.000€ dese importe son facturas de máis dun ano. Despois vostedes son os que defenden os servizos públicos pois mire, privatización do servizo de recollida do lixo, temos o camión do Concello e o persoal son dunha empresa externa que factura mensualmente. Aquí temos unha factura en concreto de decembro de 6.930€, non sabemos se é todo o mes ou parte, porque non se especifica na factura. Unha empresa externa que anda co camión do Concello para a recollida do lixo, curioso que a empresa tamén presta outros servizos de limpeza, que a empresa teña o domicilio social en Cantabria, onde foron vostedes a buscar unha empresa con domicilio social en Cantabria? Outras empresas tamén que prestan servizo de limpeza de Silleda, non haberá en Salceda ou arredores empresas que poidan facer ese servizo? Pois non, hai que ir a Silleda. Isto chámase apoio as empresas e comercio local.

Outra forma de xestionar o orzamento, mire, se vai pagar unha factura “reforma marquesiña de autobuses” creemos que na praza da Devesa. Fai dous anos esta



marquesiña valeu 7.500€, se vai a pagar a factura de reforma 10.400€ ou sexa, que nos valeu esa marquesiña en concreto da Devesa 18.000€. Nós non estamos criticando que o traballo estea mal feito, nin que non haxa que pagarlle a empresa, a empresa claro que hai que pagarlle pero é que o problema non é a empresa o problema é de vostedes. Encargar traballos a sabendas que non o poden pagar, e si hai que reformala se reforma pero 18.000€ unha marquesiña e iso que levaba instalada dous aproximadamente. Quería preguntar si de verdade esta é a outra forma de gobernar que teñen vostedes ou que dicían vostedes ou o que ían a cambiar as cousas? Case mellor que estiveran como estaban antes porque de Guatemala a guatepeor.

Sra. Tourón Domínguez: Faime gracia, ata agora non lle gustou nunca o goberno anterior, nin os que había do BNG-PSOE, nin os que había de PSOE-non adscritos, nin o que gobernaron Movemento Salceda en solitario, non lle gustaba ningún pero agora ata lle gustan. A verdade é que as veces xa me perdo co seu criterio de dicir que goberno fai ben e que goberno fai mal, o de sempre, pau nas rodas para que este goberno non poida facer nada e non facemos nunca ningunha cousa ben segundo o Partido Popular.

En canto ao tema que nos cingue, xa a compañeira que leva Facenda explicou as distintas partidas que forman o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 2/2021 que traemos. Eu simplemente repetir que é unha figura que está permitida como ben dixo tanto a compañeira de Facenda como o compañeiro do Partido Popular. En canto ao tema de si hai contra factura ou non hai contra factura agora llo explicará a compañeira, pero entendo que o compañeiro do Partido Popular cos coñecementos que ten en materia económica, entenderá que intervención non deixaría pagar unha factura se non fose posible pagar, digo eu. Os gastos están recoñecidos dunha maneira ou doutra pero están recoñecidos e haberá que pagalos igual que ao resto. En canto a limpeza hai máis extras que estamos poñendo, limpeza e desinfección, volvo a repetir que cae todo no mesmo caixón pero que a Xunta de Galicia nos obriga a facer por exemplo nos colexios. Dicir que en ocasións se lle propuxo as empresas de Salceda e por limitacións tanto no seu persoal coma nas características da limpeza e desinfección que a Xunta de Galicia nos obrigaba a facer nos dixeron que non, co cal, eu creo que debería o compañeiro do Partido Popular informarse porque a veces si que se lle fai a proposta as empresas de aquí pero ben sexa polas súas características ou polo que nos esixen neste tempo de pandemia, tanto a limpeza coma a desinfección, rexeitan facelo.

Simplemente salientar tamén a excepcionalidade do aumento de gasto que se nos da polo tema da pandemia, que levamos máis dun ano en pandemia e estamos recollendo os custos e gastos e incrementando servizos que son totalmente necesarios e que este Concello non vai a deixar de facelos, porque estamos convencidos de que son necesarios e que alguén o ten que facelos, pero en moitas ocasións son gastos que non nos corresponden, que corresponden a outras



administracións e que temos que seguir asumíndoos nós, co cal despois eses gastos hai que pagalos e unha parte diso é o que traemos hoxe aquí.

Sra. Pereira González: Creo que estamos de acordo que todo o que hai nesta relación son gastos que son necesarios, dixo o compañeiro Joaquín que non era o caso, si que nesta ocasión todo o gasto corrente si que é o caso. Son facturas que se presentaron fora do ano que lles correspondería pagalas, todo o anterior xa se trouxo no primeiro REC, excepto a inversión, pero as facturas de gasto corrente son as rexistradas en xaneiro, febreiro, marzo e abril e polo tanto as facturas son por presentación extemporánea, porque se presentan no exercicio 2021 e correspondente a traballos do 2020 e igual algunha do 2019.

En canto a figura é legal, regulada, e vostede di excepcional e eu digo habitual depende da perspectiva do tempo con que a miremos. Unha vez ao ano, dúas en todos os Concellos mínimo se trae un recoñecemento extraxudicial de crédito. Se o vemos coa perspectiva do ano é habitual, un ao ano mínimo hai, coa perspectiva dun mes non, non hai un cada mes. Non é ordinario de facelo a diario pero mínimo un ao ano hai en todos os Concellos, de aí que eu digo que é habitual, depende da perspectiva do tempo coa que se mire.

En canto ás facturas que se non son facturas non se poden pagar, non son facturas pero son gastos, non todo o que se paga neste Concello son facturas, cando chega o pago dos recibos da Seguridade Social non son facturas e hai que pagalos, pois hai gastos que se acreditan doutra maneira. A liquidación do transporte metropolitano do que temos que achegar pola nosa participación no transporte metropolitano non é unha factura, é unha carta na que nos indica canto nos corresponde pagar. O mesmo pasa na Comunidade de propietarios, a comunidade de propietarios non nos factura a nós a nosa cota, nos manda unha carta é nos di canto temos que pagar. Non sempre teñen que ser facturas, é un documento xustificativo do gasto pero non teñen porque ser facturas e de hÍ que non entren no programa de contabilidade e durante unha época se estiveron trasapelando este tipo de cuestións. Que na primeira Comisión lle dixemos que o REC iba ser de 180.000€ non foi así, vostede preguntou se sería o único REC e se lle dixo que como mínimo tiña que haber outro co que estaba presupostado no orzamento, a inversión, que xa sabíamos que tiñamos que traela a un segundo recoñecemento cando houber crédito cando foxe aprobado. É evidente que se aprobamos o REC co que había ata decembro ían ter que entrar máis facturas doutros meses.

En canto ao incumprimento da lei de contratos, se agarra sempre a iso como un cravo ardendo, e sabe perfectamente ao que se refire. Por cada gasto que se faga na ferretería por exemplo, non podemos facer unha proposta da necesidade do gasto para comprar catro paquete de tornillos, un decreto de adjudicación dos tornillos e unha retención de crédito, sería imposible traballar así e de ahí o incumprimento da Lei de contratos, pero sabe perfectamente a que se refire a trámites menores.



En canto ás empresas como xa de lle dixo Verónica se contratan as que prestan o servizo e moitas veces as de Salceda non están en disposición de facelo.

Sr. Núñez Troncoso: O incumprimento da Lei de contratos claro que se incumpre, se vostedes leron, me imaxino que si que o lerían, o informe de intervención o di claramente. Non foron 180.000€ que me dixo vostede que ían a vir a este recoñecemento, foron 240.000€. Fala vostede das facturas, as administración públicas non emiten facturas na maioría dos casos, se emiten liquidacións e se paga esa liquidación, outra cousa son entes privado que teñen que emitir a correspondente factura.

O recoñecemento extraxudicial de crédito di vostede que é habitual, e certo, é raro que haxa un Concello que non teña un recoñecemento extraxudicial de crédito pero o que non é habitual é o importe. Os 1.952.000€ que non son catro duros, 1.952.000€ é o 52% do gasto corrente se a iso a vostede lle parece habitual entón que será o excepcional?

Das facturas, segundo pon as bases de execución do orzamento, facturas que entren en xaneiro poden ir perfectamente con cargo ao orzamento do exercicio anterior, isto pon as bases de execución. Di Verónica que non nos gusta o goberno actual nin o anterior, pois non, nin o actual nin o anterior e máis aínda vostede cando se contradí claramente, o que dicía antes e o que di agora. Xa non só respecto aos recoñecementos, antes lle parecía unha barbaridade un recoñecemento de 640.000€, agora é o triple e o ve normal, a parte de outras de centos e centos de contradicións. O problema é sempre da Xunta, vostede ten unha teima coa Xunta, vostede non é responsable de nada, si non é a Xuntas so outros organismos, é igual. A limpeza do Concello quen a fai? A ten que facer a Xunta? A limpeza de Casa da Cultura quen a fai? A limpeza das rúas quen as fai? Tamén as ten que facer a Xunta.

Incrementaron os servizos, xa nos gustaría saber a nós cales, o que incrementaron foi o gasto e o despilfarro, eses si que incrementaron e se ve claramente ano a ano. Non estamos falando dunha diferenza de mil ou dous mil euros, é moita diferenza. Do recoñecemento do 2020 ao do 2021 xa temos 310.000€ de incremento do último recoñecemento, a vostedes lles parece ben que haxa facturas despois de dous anos e dous meses sen pagar? Facturas importantes, estamos a falar de cantidades importantes, se a vostede iso lle parece normal, esas facturas non é que tiveran defectos porque a fecha de emisión de factura é a mesma entrada en rexistro e do 18 de febreiro de 2019 e hai varias con esa data. Non me diga vostede que esa factura houbo que subsanala, pois no non é o caso este.

A nosa posición vai a ser na mesma liña que levamos facendo anos, sempre dixemos que unha cantidade razoable é admisible, falamos sempre de 200.000 - 300.000€, é admisible pero o que non é admisible é 1.952.000€, é esa liña a estamos mantendo



ano tras ano, non así vostedes señoras do Partido Socialista.

Sra. Tourón Domínguez: O que lle comentaba a compañeira Lucía, porque o que non quero é que quede neste pleno nada que diga que pagamos facturas ou tipo de gastos sen xustificar de ningunha maneira porque non é certo, se xustifican, eu non sei se o Partido Popular recibiu como persoa propia algún seguro a través dalgunha factura, eu creo que non, creo que ao mellor lle dan un póliza e lle pasan un recibo e iso é un documento acreditativo-xustificativo de haber feito un gasto en condicións. Volvo a repetir, non quero que quede no pleno ningunha dúbida de que se pagan gastos sen as correspondentes xustificacións, porque a teñen.

Por outro lado, eu non lle dixen si estaba de acordo ou non, eu o que lle dixen en canto a este recoñecemento extraxudicial de crédito é que teñan en conta a situación de excepcionalidade na que vivimos, porque é certo, porque tivemos que aumentar servizos e tivemos que aumentar gasto. Vostede fálame de quen fai a limpeza do Concello, eu lle podo falar de quen fai a desinfección das sete aulas das parroquias e da sede do CRA, quen fai a desinfección do CEIP Altamira, iso todo se incrementou entre outras cousas, é un montón de gastos para a desinfección de outras instalacións municipais, iso tamén vai dentro do capítulo de limpeza e hai que pagalo. Esa é a situación de excepcionalidade que temos e por outro lado sempre deixa outra vez que xa dirá máis adiante que me contradigo, só me dixu nesta lexislatura onde me contradecía no IBI e resulta que no pleno anterior lle demostrei con papeis que as cousas que solicitaba no seu día como oposición foi a que se está a facer como goberno. Sempre o deixa para máis para adiante.

En canto ao REC vólvolle a repetir o mesmo que nunca me contesta nos plenos, se vostedes tiveran responsabilidade de gobernar pagaríanlle aos provedores ou deixaríanlle de pagar?

Sra. Alcaldesa: Quero que quede clariño e que este goberno pague, existe crédito e se non existe vai a existir unha vez que aprobemos o segundo punto que aparece hoxe nos asuntos da convocatoria o suplemento. Os traballos foron realizados, uns traballos que ademais son peticións veciñais, que son compromisos moitos deles deste goberno e por certo, moitas das peticións son do Partido Popular de Salceda. Digo unha e outra vez, ademais logo teremos a oportunidade de comprobalo nos rogos e nas preguntas, moitas veces plantexan aquí, vostedes tamén solicitan inversións pero logo hai que pagar. Pedir e esixir está moi ben, nós gobernamos e xestionamos pero claro logo hai que pagar. Vinte e dous anos de concelleiro, Joaquín, xa lle debería dar suficiente experiencia para saber como vai isto e cambiar de cando en cando un pouquiño de discurso. En definitiva, existe crédito, os traballos se fixeron, queremos atender, moitas non é posible, as peticións dos veciños e veciñas e nós pagamos. Non sei o que vai facer o Partido Popular pero si se mantén na mesma liña me imaxino que o que vai facer é votar en contra para que este pago non se realice.



Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e subministros de bens e servizos por parte dos terceiros, e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformadas polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Considerando que o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece: *“Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria...”*

Visto o informe da Interventora municipal núm. 2021-0061 coa correspondente nota de reparo.

Advertido a existencia dun erro respecto do importe total correspondente ao Anexo de facturas correspondentes a gasto de inversión incluídas no listado anexado ao expediente número 755/2021 de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 2/2020.

Visto o informe da Interventora municipal núm. 2021-0069 de 27 de abril de rectificación do informe núm. 2021-0061 polo que se modifica o importe total do recoñecemento extraxudicial de crédito.

Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Lexislativo. 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando é por insuficiencia ou inadecuación de crédito.

En atención ao exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2021 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan na relación anexa adxunta no expediente núm. 755/2021 e 924/2021, ascendendo a un total de 529.129,08 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2021, nesta data prorrogado do ano 2020; previo levantamento do reparo formulado a efectos pola intervención municipal “

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) e CINCO votos en contra dos/as



Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2021 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan na relación anexa adxunta no expediente núm. 755/2021 e 924/2021, ascendendo a un total de 529.129,08 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2021, nesta data prorrogado do ano 2020; previo levantamento do reparo formulado a efectos pola intervención municipal

Expediente 845/2021. Aprobación de suplemento de crédito nº 1/2021.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Pereira González: Continuamos co contido económico deste pleno e neste caso é a modificación de crédito na modalidade de suplemento, primeira modificación de crédito do recén estreado orzamento que aprobamos no pleno do pasado 15 de abril en sesión extraordinaria e que está en vigor dende o 22 de abril, data na que se publicou no Boletín Oficial da Provincia. Como xa dixen antes este expediente e o anterior están relacionados e vinculados, de maneira que parte do pagamento efectivo do REC depende da aprobación deste suplemento. Por poñernos en contexto de porqué chegamos a este expediente, sabemos todos que por acordo do Consello de Ministro do 6 de outubro se suspenderon as regras fiscais para os exercicios 2020 e 2021 e isto nos permite certo marxe de manobra á hora de dispoñer dos nosos recursos, unha cuestión que xa viñamos reivindicando dende hai tempo. A chamada Lei Montoro é un xugo para os Concellos, un xugo que nos impide dispoñer dos recursos en función das nosas necesidades, obrigando aos Concellos a ser o peto do Goberno Central para que as contas cadren en Europa. É unha lei totalmente inxusta e que o ano pasado por fin o goberno central tivo a ben suspendela polo exercicio 2020-2021. O contexto de porqué se tomou esa decisión foi a crise que estamos a vivir, pero eu espero que este sexa un punto de inflexión e que de aquí en diante se suprima este xugo para os concellos.

Por unha banda a suspensión das regras fiscais e por outra banda a liquidación do orzamento do exercicio 2020, feita a liquidación dentro do período do primeiro trimestre, período establecido, obtemos como remanente de tesourería para gastos xerais un importe de 979.994,07€, unha das facultades que nos permite a suspensión das regras fiscais é a libre disposición dos remanentes de tesourería e co aval de intervención e co visto e bo do órgano de tutela financeira que tamén consultamos pois acordamos complementar o orzamento en 764.390,09€, de maneira que unha parte irá para dotar de crédito as partidas do segundo recoñecemento extraxudicial de crédito de gasto corrente, que como dixen non estaban contempladas no



orçamento, e que ese recoñecemento extraxudicial de crédito non impacte no orzamento, non o merme; e por outro lado dotar de 536.436,90€ as partidas da vinculación 1-2 na medida na que se cargou o primeiro recoñecemento extraxudicial de crédito. Creemos que esta é unha boa medida, unha maneira de que o recoñecemento extraxudicial de crédito cause menos impacto no orzamento e podamos dispoñer del non na súa totalidade, pero si en boa parte.

O expediente ten o informe favorable de intervención, se acompaña o listado das partidas nas se vai a suplementar crédito en total e tamén separando cales pertencen ao 1 e cales pertencen ao 2 e como digo ten informe favorable de intervención e o aval de tutela financeira tamén.

Sr. Núñez Troncoso: Vese punto tras punto cando é un tema económico a ineficacia dese goberno, sempre a paga a Lei Montoro, o problema sempre son dos demais, o goberno en vez de recoñecer os erros non, é dos demais.

Estamos ante un suplemento de crédito de 764.000€ que ven a confirmar o que dixoxa este grupo fai xa catorce días, dixemos que a nivel vinculación 1-2, 3-2 non había crédito suficiente, presentamos a reclamación correspondente e fai catorce días a Alcaldesa nos desestima esas alegacións dicindo que si que había crédito suficiente, ben, pois agora recoñecen, insisto despois de catorce días, que non hai crédito, polo tanto hai que dotar de crédito, de cartos, esa partida. O que dicíamos nós na reclamación quinta *“se constata que a nivel vinculación 1-2, 3-2 non existe crédito suficiente nas distintas partidas orzamentarias”*, iso foi o que nós presentamos na nosa reclamación e é motivo de reclamación segundo o artigo 170 do Texto Refundido a Lei de Facendas Locais. Puxemos nesa reclamación varios exemplos: limpeza viaria, que é vinculación 1-2 insuficiencia de crédito e agora van e suplementan vostedes; alumeadado público, outro exemplo que fixemos vinculación 1-2 con insuficiencia de crédito e agora van e suplementan crédito; limpeza aseos colexios vinculación 3-2, insuficiencia de crédito va e suplementan; limpeza e aseos instalacións deportivas, vinculación 3-2, insuficiencia de crédito van agora e suplementan, catorce días dende aquela que desestimaron as reclamacións ata agora. Dos 764.000€, 644.000€ van a vinculación 1-2, 69.000€ van a vinculación 3-2, en total 714.000€, un 85-90% a vinculación 1-2, 3-2, pero non había que estimar a alegación.

A propia Alcaldesa na súa memoria recoñece *“que este suplemento reporía o crédito utilizado neste exercicio na vinculación 1-2”*. Se vemos o cadro, hai máis erros, aquí están denominando á 165.22100 que é enerxía eléctrica a están denominando produtos de limpeza e aseo, á 342.22700 que é limpeza e aseos de instalacións deportivas a denominan tributos entidades locais. Outros erros máis que pleno tras pleno veñen vostedes traendo aquí, como se ve, como sempre non revisan a documentación. Sigo dicindo o que di intervención *“son gastos para os que non existe crédito no orzamento xeral do Concello de Salceda de Caselas para o ano 2021*



aprobado definitivamente por acordo plenario do 15.04.2021". Ou sexa, estamos dicindo que a esta data xa non había crédito, o que estaba dicindo este grupo que xa non había crédito nesa vinculación e vostedes erre que erre. Que implica aprobar este suplemento? Pois si lee o informe nos ven dicindo máis débeda, así de fácil. Seguimos lendo o informe de intervención: *"en suma a modificación que se propón neste expediente, financiada co remanente líquido para gastos xerais, afectará negativamente a estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, non obstante pola estimación de liquidación de obriga e dereitos netos realizadas coa información de que se dispón, semella que os efectos negativos poderán ser asumidos polo orzamento 2021"*. Vostede sabe o que é iso verdade? O IBI, pensan compensar ese efecto negativo que van ter sobre o orzamento coa recadación do IBI. Segue o informe de intervención *"respecto na parte de ingreso do orzamento deben adoptarse todas as medidas ao alcance para que a execución dos ingresos sexa elevada"*. Intervención está dicindo que hai que procurar que os ingresos sexan elevados. IBI, *"pola parte do gasto orzamentario deberanse adoptar acordos de non dispoñibilidade de crédito, baixas por anulación e outras medidas que se estimen necesarias para asegurar que a liquidación do exercicio 2021 non resultara un incumprimento de algunhas das regras fiscais, estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda"*. É dicir, contención de gasto, todo o contrario do que se está facendo aquí neste Concello, todo o contrario. Polo tanto a nosa posición vai ser en contra, porque non podía ser doutra forma, porque o que non queremos é que o Concello se cargue con débedas e esas débedas as teñan que pagar os veciños a través do IBI.

Sra. Tourón Domínguez: Pensei que íamos a estar os tres grupos de acordo neste punto, entre outras cousas, por como fora a Comisión informativa. Pensei que era unha boa nova isto, pero o que pasa é que é verdade que o Partido Popular cada vez que hai unha boa nova, que podemos facer algo economicamente, pois non lle gusta. Volvemos ao mesmo, non lle gusta e xa tardaba en saír aquí neste pleno o tema do IBI, porque da igual, ata agora relacionaban sempre e facían o mesmo discurso, tanto se traíamos a aprobar unha conta xeral como un orzamento municipal, como un recoñecemento extraxudicial de crédito. O Partido Popular viña sempre, sempre co mesmo discurso, ben, agora resulta que esta o procedemento simplificado, que parte ademais, aínda que non lle guste escoitalo, dunha lei promovida polo seu partido e aprobada polo seu partido, pois resulta que agora caeulle do ceo o do IBI. Agora vamos a xustificar todo co do IBI. Creo que hai que ser un pouquiño máis serios, e a verdade pensei que nisto íamos a estar de acordo porque eu creo, considero que é unha boa nova. Considero que é unha boa nova que o Consello de Ministros solventara o tema suspendendo a regras fiscais e que os Concellos poidamos gastar o remanente que é noso, que é da nosa veciñanza, co cal pensei que íamos a estar de acordo non o estamos, por suposto o Partido Socialista sí que o está. Creo que isto é unha maneira de evitar que impacte como dicía a compañeira Lucía, pagarlle aos provedores impacte tanto dentro do orzamento municipal. O voto do Partido Socialista é a favor. Négame a seguir falando dun tema que creo que quedou claro,



que é ao final o que pedía o Partido Popular no IBI xa se estaba a facer, o que non lle gustou ao Partido Popular é que o equipo de goberno o fixera antes de que eles chegaran a solicialo, é iso é o que non se gustou ao Partido Popular.

Sra. Pereira González: A verdade é que eu tamén estou sorprendida coa posición do Partido Popular e intentando adiviñar cal sería a súa política económica, porque a verdade está dicindo no punto anterior que lle parece que o recoñecemento extraxudicial de crédito é esaxerado, é moi grande e sen embargo traemos un suplemento de crédito para “agrandar” o orzamento e recoller eses gastos do recoñecemento extraxudicial de crédito e que non impacten no orzamento, que non o minimicen dentro do posible e tampouco lles parece ben. Non sei o que farían vostedes co suplemento entón.

En canto a Lei Montoro, non acostumo a nomeala moito, noméoa cando ven a colación e neste caso que falamos das regras fiscais é o momento de falar da Lei Montoro. É unha Lei de disciplina financeira para os Concellos, para os entes máis pequenos e para os que prestamos máis servizos. É unha lei totalmente inxusta e por iso se nomea neste momento, porque é cando estamos falando das regras fiscais. Non acostumo falar dela cando non corresponde. En canto a que se non hai crédito na 1-2, o que lle estamos dicindo é que se vai a repor o que se quitou co REC, non que non exista, é máis, cando se desestimou a súa alegación foi en base ao informe de intervención, foi a interventora que dixo que a nivel vinculación si había, e que vostede na súa alegación puxeron catro exemplos de partidas e puxeron “*así se constata que a nivel de vinculación non hai crédito*” e a interventora lle dixo que así non se constata que a nivel vinculación. Iso hai que facelo con toda a bolsa de vinculación, non con catro partidas, e foi a interventora a que lle informou que si que había vinculación. A día de hoxe o que se fai é repoñer o crédito que gastaría o recoñecemento extraxudicial de crédito 2, e repor o que se gastou no primeiro para que a partida quede enteira para este ano. Non sei se non o entenden ou fai que non o entende. De verdade eu creo que o suplemento de crédito é unha boa noticia para a economía deste Concello e que non entendo o voto en contra.

Sr. Núñez Troncoso: Dime vostede que está sorprendida coa postura do Partido Popular, prefiro estar sorprendidos a ter que compensar este suplemento de crédito con esquilmar aos veciños. O suplemento de crédito a conta dos veciños, claro é unha boa pero que vai a implicar esa boa? Vai a implicar máis débeda, como se vai a intentar compensala? Cos ingresos do exercicio do 2021, que xa veremos si se cumpren, porque a estimación que vostedes fixeron no seu día non debería cumprirse pero xa o veremos co tempo. Fala vostede de Montoro, non quedamos que as regras fiscais están suspendidas? Entonces que pinta Montoro aquí? Aínda non sabemos que pinta Montoro aquí con este suplemento.

Nós dixémolo e vólvolle a repetir, se constata que a nivel vinculación 1-2 e 3-2 non existe crédito suficiente nas distintas partidas orzamentarias, iso foi o que dixemos.



Falaba Verónica, falou de todo menos do suplemento, que se do IBI, que se a lei do IBI, si é do 2015, como vostede di, como é que en Salvaterra están pagando dende o 2014? Non se fixeron esa pregunta? Volvemos a cinguirnos ao que pon o informe, o que significaría aprobar este suplemente nestas condicións e polo tanto a nosa posición vai ser en contra. Hai partidas de sobra onde reducir unha serie de gastos superfluos.

Sra. Tourón Domínguez: O que acaba de dicir o Partido Popular tamén me sorprende, despois de que leven un par de meses dicíndolle á xente que o IBI non correspondía, que era o Concello de Salceda que quería aplicalo e demais, resulta que agora os de Salvaterra están a aplicalo, os veciños están a pagalo dende anos e aquí o Partido Popular intentou dicir que pagar que era una ocorrencia do Concello. Si lle vou dicir o que pinta Montoro nisto, Montoro aprobou a Lei coas regras fiscais, incautando diñeiro dos Concellos e o Partido Popular agora non estades de acordo en que o Goberno central haxa retirado esas regras fiscais para que os Concellos poidamos utilizar o remanente, é dicir, o diñeiro da veciñanza en gastos para a veciñanza a vostede é o que non lle gusta, non lle gusta porque o goberno central eliminou o que o Partido Popular puxo no seu día polo menos durante estes dous anos, e ademais é que o vamos a utilizar para facer fronte a obrigas pendentes. Creo que é o máis axeitado e creo que é o que debemos facer, pero claro, tampouco quere que fagamos fronte as obrigas pendentes porque quere seguir tendo o discurso das facturas pendentes. Sigo dicindo o mesmo que comentaba a compañeira de Facenda, é unha boa nova e espero que continúe non só para estes dous anos senón que o Consello de Ministros teña decisión de continuar con el porque é diñeiro da veciñanza de Salceda.

Sra. Alcaldesa: Antes era Mos agora é Salvaterra, eu case que lles agradecería que non fixeran comparativas porque ao final a quen lle causan problemas é as súas compañeiras. É unha mágoa que fagan iso, saúlles mal co de Mos, non metan a compañeira de Salvaterra na mesma liada. Díxenllo o outro día, eu non son quen de traer comparativa con ningún Concello, nin por en entre dito como xestionan e de que maneira as compañeiras do Concello de Salvaterra e do Concello de Mos, pero insisten, sigan, xa vemos o ben que lles saíu o de Mos.

Na Comisión Informativa se abstiveron, é máis dixo Joaquín dixo *“que era unha figura normal”*, era unha figura normal, que se abstiña, ou non traían estudiado ben o punto e non fixeron a súa labor de fiscalización ou a verdade é que o cambio de criterio de hoxe me sorprende moi moito, ou necesariamente en cada pleno van ter que sacar a excusa do IBI por algún lado. Nós non temos ningún problema en debatilo vinte veces en falar do IBI cantas veces sexa preciso para aclararlle a veciñanza as medidas que se tomaron e sen vender fume, xa o fan outros por nós. E si, suspensión da Lei Montoro dende outubro de 2020 é así, non lles gusta pero é así, creo que todo o mundo a coñece pola Lei Montoro, permite unha marxe de manobra importantísima para este Concello e polo tanto para a veciñanza e para facerlle



servizos, 979.994 € dos cales 764.000€ van ser para dar cumprimento as obrigas que temos, pero tampouco isto lles alegra. De verdade eu non sei o que lle parece ben, con isto podemos xestionar moitísimas das necesidades da veciñanza, creo que deberíades alegrarvos e que este equipo de goberno poida xestionar estes 979.994€ máis dos que vamos a dispor pero tampouco. Unha mágoa, pensei que íamos a votar unanimemente precisamente pola vosa posición en Comisión Informativa, pero nin en este punto. Paso a ler a proposta de Alcaldía, seguinte:

“Como consecuencia de gastos realizados no exercicio 2020 sen dispoñer de crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria, nen na bolsa de vinculación, fíxose necesario tramitar expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1-2021, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada no mes de febreiro de 2021, e se iniciou a tramitación dun segundo recoñecemento extraxudicial de crédito nº 2-2021, que se prevé elevar ao Pleno da Corporación na mesma sesión plenaria que o expediente de modificación de crédito na modalidade de Suplemento de crédito.

Co obxectivo de non minorar o crédito do Orzamento 2021 do Concello de Salceda de Caselas, agora prorrogado no 2020, necesario para os gastos a acometer este ano, faise preciso tramitar unha modificación de crédito na modalidade de suplemento de crédito, que repaña parte do crédito do REC1-2021 e habilite crédito para poder aprobar o REC 2-2021.

Visto o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais resultante da Liquidación do Orzamento 2020, aprobada por Decreto de Alcaldía con data 22/03/2021, a modificación que se propón financiarase con ese recurso financeiro,

Trátanse, polo tanto, de gastos específicos e determinados que non poden demorarse ata o exercicio seguinte porque xa foron realizados, todos eles devengados no 2020, e recibidos en conformidade por esta Administración, segundo se dilixencia polo servizo ou autoridade correspondente no mesmo xustificante de gasto. Non debemos trasladar ás mercantís as deficiencias na tramitación administrativa que, por diversas causas, se produxo, de acordo co principio de prohibición do enriquecemento inxusto que se derivaría da existencia dunhas obras, suministros e servizos prestados en conformidade ao Concello de Salceda de Caselas e que deberán ser aboados. Tampouco debemos hipotecar o crédito orzamentario do exercicio 2021, nesta data prorrogado o do 2020, necesario para facer fronte aos gastos previstos neste ano.

A situación actual de suspensión das regras fiscais, dende o 20 de outubro de 2020, para os exercicios 2020 e 2021, permite unha marxe de manobra que esta corporación deberá utilizar con prudencia e conforme as instrucións recibidas do órgano de tutela autonómico, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Xunta de Galicia, que sinala:



'(...) a suspensión das regras fiscais non implica a suspensión das obrigas que teñen as administración públicas en canto a loita contra a morosidade comercial e o cumprimento dos prazos de pagamento, polo que, antes de destinar o superávit ou o remanente de tesourería para gastos xerais a outros fins, deberían atenderse as obrigas da conta 413 e equivalentes, e o resto de obrigas pendentes de pagamento con provedores (...).'

Visto o informe favorable da intervención municipal de data 20.04.2021.

Esta Alcaldía propón ao Pleno, previo dictame da Comisión de Facenda, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de crédito nº 1/2021/SC na modalidade de suplemento de crédito por importe global de 764.390,09 euros financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais con destino a reponer partedo crédito aplicado para facer fronte aos gastos recoñecidos na relación de facturas nº REC1/2021, por acordo do Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do mes de febreiro, e para dar cobertura aos gastos que se tramitan para a súa aprobación polo mesmo trámite co número de relación REC 2/2021, ambas as dúas se recollen como anexo no expediente 845/2021.

Esta modificación afectará ás seguintes partidas de acordo co detalle que se detalla:

Altas en partidas de gastos

PROG.	ECON.	DENOMINACIÓN	CRÉDITO
132	213	Maquinaria instalacións técnicas e utillaxe	1.780,68 €
132	214	Elementos de transporte	633,66 €
132	22103	Combustible e carburantes	735,49 €
133	219	Otro inmovilizado material	11.301,40 €
135	22103	Combustible e carburantes	190,08 €
135	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	870,96 €
151	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	346,80 €
1532	214	Elementos de transporte	7.566,69 €
1532	22103	Combustible e carburantes	4.002,23 €
1532	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	14.351,92 €
1621	22103	Combustible e carburantes	7.193,84 €
1621	22799	Otros traballos realizados por outras empresas e profesionais	41.385,19 €



1622	22797	Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales	126.372,73 €
1622	22798	Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales	42.334,17 €
163	22103	Combustible y carburantes	2.871,93 €
163	22110	Productos de limpieza y aseo	367,03 €
163	22700	Limpieza y aseo	121.973,39 €
165	22103	Combustible y carburantes	72,00 €
165	22100	Productos de limpieza y aseo	198.578,53 €
171	210	Infraestructuras y bienes naturales	43.516,91 €
171	213	Maquinaria instalaciones técnicas y utillaje	828,85 €
171	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	1.379,81 €
172	210	Infraestructuras y bienes naturales	15.120,57 €
172	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	879,38 €
172	22501	Tributos de las CC.AA	8,00 €
172	22502	Tributos de las EE.LL	25,08 €
221	16008	Asistencia médico-farmacéutica	921,13 €
231	210	Infraestructuras y bienes naturales	65,34 €
231	213	Maquinaria instalaciones técnicas y utillaje	453,75 €
231	22000	Ordinario no inventariable	44,95 €
231	22100	Energía eléctrica	1.084,98 €
231	22103	Elementos de transporte	929,24 €
231	22110	Productos de limpieza y aseo	183,10 €
231	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	6,90 €
231	22200	Servicios de telecomunicaciones	154,50 €
231	22501	Tributos de las CC.AA	55,30 €
231	22502	Tributos de las EE.LL	118,19 €
231	22700	Limpieza y aseo	32.723,55 €
231	22701	Seguridad	43,73 €
241	213	Maquinaria instalaciones técnicas y utillaje	566,69 €
241	22100	Productos de limpieza y aseo	868,67 €
241	22699	Otros gastos diversos	78,65 €
241	46100	A Diputaciones, Consellos o Cabildos Insulares	111,49 €
311	22706	Estudios y trabajos técnicos	537,47 €
312	22100	Energía eléctrica	722,42 €
312	22110	Productos de limpieza y aseo	93,44 €
312	22501	Tributos de las CC.AA	8,88 €
312	22502	Tributos de las EE.LL	22,38 €



320	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	48,40 €
320	22199	Otros suministros	6,30 €
323	210	Infraestructuras y bienes naturales	200,10 €
323	213	Maquinaria instalaciones técnicas y utillaje	2.027,39 €
323	22100	Energía eléctrica	4.010,66 €
323	22103	Elementos de transporte	535,85 €
323	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	270,16 €
323	22199	Otros suministros	225,26 €
323	22501	Tributos de las CC.AA	44,12 €
323	22502	Tributos de las EE.LL	84,95 €
323	22700	Limpieza y aseo	3.141,16 €
323	22701	Seguridad	131,70 €
330	203	Arrendamientos de maquinaria, instalaciones y utillaje	1.815,00 €
330	22000	Ordinario no inventariable	2,80 €
330	22100	Energía eléctrica	4.986,48 €
330	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	70,98 €
330	22199	Otros suministros	1.245,70 €
330	22501	Tributos de las CC.AA	7,85 €
330	22502	Tributos de las EE.LL	44,35 €
330	22609	Actividades culturales y deportivas	10.424,15 €
330	22799	Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales	18.119,75 €
338	22610	Gastos diversos	300,00 €
340	210	Infraestructuras y bienes naturales	1.980,61 €
340	214	Elementos de transporte	1.115,33 €
342	203	Arrendamientos de maquinaria, instalaciones y utillaje	151,25 €
342	213	Maquinaria instalaciones técnicas y utillaje	5.386,22 €
342	22100	Energía eléctrica	4.151,87 €
342	22110	Productos de limpieza y aseo	149,96 €
342	22501	Tributos de las CC.AA	8,59 €
342	22700	Tributos de las EE.LL	3.519,45 €
430	22602	Publicidad y propaganda	290,40 €
4312	22000	Ordinario no inventariable	19,00 €
4312	22100	Energía eléctrica	1.464,87 €
4312	22110	Productos de limpieza y aseo	20,71 €
4312	22501	Tributos de las CC.AA	77,30 €



4312	22502	Tributos de las EE.LL	140,57 €
432	22501	Tributos de las CC.AA	4,21 €
432	22502	Tributos de las EE.LL	7,91 €
920	203	Arrendamientos de maquinaria, instalaciones y utillaje	188,00 €
920	213	Maquinaria instalaciones técnicas y utillaje	308,85 €
920	22100	Energía eléctrica	1.907,02 €
920	22103	Combustibles y carburantes	291,21 €
920	22105	Productos alimenticios	344,42 €
920	22110	Productos de limpieza y aseo	1.391,01 €
920	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	111,50 €
920	22200	Ordinario no inventariable	1.154,27 €
920	22201	Prensa, revistas, libros e otras publicaciones	922,64 €
920	22202	Material informático no inventariable	69,90 €
920	22601	Atenciones protocolarias y representativas	1.390,98 €
920	22602	Publicidad y propaganda	302,50 €
920	22706	Estudios y trabajos técnicos	1.724,86 €
920	22799	Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales	3.569,50 €
TOTALES			764.390,09 €

Altas en conceptos de Ingresos

Económica	Descripción	Importe
87000.01	Remanente de tesourería para gastos xerais	764.390,09
TOTAL		764.390,09

Segundo.- Ordear a publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra a efectos do cumprimento do trámite de exposición pública, polo prazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamación que estimen oportunas. O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Unha vez que este acordo teña carácter definitivo, enviar unha copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado, así como publicar no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e portal de transparencia. “



VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) e CINCO votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte:

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de crédito nº 1/2021/SC na modalidade de suplemento de crédito por importe global de 764.390,09 euros financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais con destino a reponer partedo crédito aplicado para facer fronte aos gastos recoñecidos na relación de facturas nº REC1/2021, por acordo do Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do mes de febreiro, e para dar cobertura aos gastos que se tramitan para a súa aprobación polo mesmo trámite co número de relación REC 2/2021, ambas as dúas se recollen como anexo no expediente 845/2021.

Esta modificación afectará ás seguintes partidas de acordo co detalle que se detalla:

Altas en partidas de gastos

PROG.	ECON.	DENOMINACIÓN	CRÉDITO
132	213	Maquinaria instalaciones técnicas y utillaje	1.780,68 €
132	214	Elementos de transporte	633,66 €
132	22103	Combustible y carburantes	735,49 €
133	219	Otro inmovilizado material	11.301,40 €
135	22103	Combustible y carburantes	190,08 €
135	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	870,96 €
151	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	346,80 €
1532	214	Elementos de transporte	7.566,69 €
1532	22103	Combustible y carburantes	4.002,23 €
1532	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	14.351,92 €
1621	22103	Combustible y carburantes	7.193,84 €
1621	22799	Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales	41.385,19 €
1622	22797	Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales	126.372,73 €
1622	22798	Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales	42.334,17 €
163	22103	Combustible y carburantes	2.871,93 €



163	22110	Productos de limpieza y aseo	367,03 €
163	22700	Limpieza y aseo	121.973,39 €
165	22103	Combustible y carburantes	72,00 €
165	22100	Productos de limpieza y aseo	198.578,53 €
171	210	Infraestructuras y bienes naturales	43.516,91 €
171	213	Maquinaria instalaciones técnicas y utillaje	828,85 €
171	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	1.379,81 €
172	210	Infraestructuras y bienes naturales	15.120,57 €
172	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	879,38 €
172	22501	Tributos de las CC.AA	8,00 €
172	22502	Tributos de las EE.LL	25,08 €
221	16008	Asistencia médico-farmacéutica	921,13 €
231	210	Infraestructuras y bienes naturales	65,34 €
231	213	Maquinaria instalaciones técnicas y utillaje	453,75 €
231	22000	Ordinario no inventariable	44,95 €
231	22100	Energía eléctrica	1.084,98 €
231	22103	Elementos de transporte	929,24 €
231	22110	Productos de limpieza y aseo	183,10 €
231	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	6,90 €
231	22200	Servicios de telecomunicaciones	154,50 €
231	22501	Tributos de las CC.AA	55,30 €
231	22502	Tributos de las EE.LL	118,19 €
231	22700	Limpieza y aseo	32.723,55 €
231	22701	Seguridad	43,73 €
241	213	Maquinaria instalaciones técnicas y utillaje	566,69 €
241	22100	Productos de limpieza y aseo	868,67 €
241	22699	Otros gastos diversos	78,65 €
241	46100	A Diputaciones, Consellos o Cabildos Insulares	111,49 €
311	22706	Estudios y trabajos técnicos	537,47 €
312	22100	Energía eléctrica	722,42 €
312	22110	Productos de limpieza y aseo	93,44 €
312	22501	Tributos de las CC.AA	8,88 €
312	22502	Tributos de las EE.LL	22,38 €
320	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	48,40 €
320	22199	Otros suministros	6,30 €
323	210	Infraestructuras y bienes naturales	200,10 €
323	213	Maquinaria instalaciones técnicas y utillaje	2.027,39 €



323	22100	Energía eléctrica	4.010,66 €
323	22103	Elementos de transporte	535,85 €
323	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	270,16 €
323	22199	Otros suministros	225,26 €
323	22501	Tributos de las CC.AA	44,12 €
323	22502	Tributos de las EE.LL	84,95 €
323	22700	Limpieza y aseo	3.141,16 €
323	22701	Seguridad	131,70 €
330	203	Arrendamientos de maquinaria, instalaciones y utillaje	1.815,00 €
330	22000	Ordinario no inventariable	2,80 €
330	22100	Energía eléctrica	4.986,48 €
330	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	70,98 €
330	22199	Otros suministros	1.245,70 €
330	22501	Tributos de las CC.AA	7,85 €
330	22502	Tributos de las EE.LL	44,35 €
330	22609	Actividades culturales y deportivas	10.424,15 €
330	22799	Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales	18.119,75 €
338	22610	Gastos diversos	300,00 €
340	210	Infraestructuras y bienes naturales	1.980,61 €
340	214	Elementos de transporte	1.115,33 €
342	203	Arrendamientos de maquinaria, instalaciones y utillaje	151,25 €
342	213	Maquinaria instalaciones técnicas y utillaje	5.386,22 €
342	22100	Energía eléctrica	4.151,87 €
342	22110	Productos de limpieza y aseo	149,96 €
342	22501	Tributos de las CC.AA	8,59 €
342	22700	Tributos de las EE.LL	3.519,45 €
430	22602	Publicidad y propaganda	290,40 €
4312	22000	Ordinario no inventariable	19,00 €
4312	22100	Energía eléctrica	1.464,87 €
4312	22110	Productos de limpieza y aseo	20,71 €
4312	22501	Tributos de las CC.AA	77,30 €
4312	22502	Tributos de las EE.LL	140,57 €
432	22501	Tributos de las CC.AA	4,21 €
432	22502	Tributos de las EE.LL	7,91 €
920	203	Arrendamientos de maquinaria, instalaciones y utillaje	188,00 €



920	213	Maquinaria instalaciones técnicas y utillaje	308,85 €
920	22100	Energía eléctrica	1.907,02 €
920	22103	Combustibles y carburantes	291,21 €
920	22105	Productos alimenticios	344,42 €
920	22110	Productos de limpieza y aseo	1.391,01 €
920	22111	Repuestos maquinaria, utillaje y elementos de transporte	111,50 €
920	22200	Ordinario no inventariable	1.154,27 €
920	22201	Prensa, revistas, libros e outras publicaciónes	922,64 €
920	22202	Material informático no inventariable	69,90 €
920	22601	Atenciones protocolarias y representativas	1.390,98 €
920	22602	Publicidad y propaganda	302,50 €
920	22706	Estudios y trabajos técnicos	1.724,86 €
920	22799	Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales	3.569,50 €
TOTALES			764.390,09 €

Altas en conceptos de Ingresos

Económica	Descripción	Importe
87000.01	Remanente de tesourería para gastos xerais	764.390,09
TOTAL		764.390,09

Segundo.- Ordear a publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra a efectos do cumprimento do trámite de exposición pública, polo prazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamación que estimen oportunas. O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Unha vez que este acordo teña carácter definitivo, enviar unha copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado, así como publicar no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e portal de transparencia.

Expediente 780/2021. Declaración de especial interese ou utilidade municipal de obras menores no IES Pedras Rubias.

Favorable

Tipo de votación:



Unanimidade/Asentimento

Sra. Tourón Domínguez: O IES Pedras Rubias fai unha comunicación previa de obras para reparar un muro de gradas exteriores e o cambio de redes, tubos do perímetro das parcelas, por un lado son 26 m de muro da pista e 20 grada e por outro de 155 m de peche da parcela. O importe dos orzamentos é por un lado 5.198€ por outro 3.875€, o que suman un total de 9.093€. O que solicita para esta obra o IES Pedras Rubias é que fagamos a correspondente declaración de especial interese municipal que corresponde a este pleno, para poder aplicar a bonificación que establece este Concello na Ordenanza Fiscal, por concorrer circunstancias culturais e sociais. Creo que todos estamos de acordo sobre todo na clara utilidade pública desta obra, tanto sexa por fomento de educación, por integración social, etc... Ademais urbanisticamente está dentro dos deberes de uso de conservación e rehabilitación, polo tanto, o que traemos neste punto é a aprobación desa declaración de utilidade pública. Espero que todos os grupos esteamos de acordo, xa o trouxemos noutras ocasións con outros colectivos.

Sr. González Souto: Boas noites a todos e a todas. Como comentou Verónica, si evidentemente imos estar de acordo. Consideramos que a obra para a que o IES Pedras Rubias solicita a bonificación cumpre totalmente as condicións sen lugar a dúbidas para ser beneficiaria desta bonificación, de feito, xa sen necesidade case de ler os informes tanto de intervención como de tesourería. Como comentei na Comisión, xustifica de sobra que cumpre para darlle ese tipo de bonificación. Alegrámonos que en casos como este que afectan ao instituto, neste caso, a bonificación poida ser do 95% e non nun 50% como se tiña regulado anteriormente polo goberno e que gracias a unha proposta no seu momento do Partido Popular incrementásemos ata o máximo, de acordo co Texto Refundido das Facendas Locais, poder chegar ao 95% e aforrarlle máis cartos, se cabe, ao instituto. De todas forma quería facer unha pregunta, cal é o importe en euros da bonificación? De que cantidades realmente falamos do 95%, pódese saber? Neste caso o expediente non estaría completo, estiven buscando na sede electrónica, revisando toda a documentación, o informe de intervención non fala en euros, de feito non fala en euros da bonificación da que estamos falando e tamén fai mención a que no presente expediente non consta a liquidación provisional polo Imposto sobre Construcións e obras, polo que non se pode cuantificar o importe da bonificación. Cando menos o expediente en si está incompleto. Que é un 95% xa o sabemos pero non está completo, porque eu recórdovos que na última vez que se trouxo aquí a intentar bonificar unha obra, nese caso nese expediente estaba un aforro creo recordar que era sobre 4000€. Creo que sería interesante saber, máis que nada por saber que a medida que aprobou o Partido Popular no seu momento en canto lle repercute ao instituto de aforro e canto lle pode repercutir a outras asociacións ou a outras entidades do concello que poidan solicitar este tipo de bonificación.



Sr. Rodríguez Canosa: Boas noites a todos a veciñanza que nos está seguindo. Evidentemente dende Movemento Salceda vamos a sumar e apoiar esta bonificación do ICIO polo claro interese social que ten. Non é moi complicado calcular o importe, soamente hai que sumar o importe da obra é 9.900€ e todos sabemos que o ICIO é o 2,1% se non me equivoco, da 207,90€ que é o que deberían ter que pagar. Se calculamos o 95% de bonificación, simplemente é cuestión de sumar e restar.

Sra. Tourón Domínguez: En canto ao expediente si está completo, que ten un informe de intervención e de tesourería que avala que está completo para o que estamos aprobando aquí, porque realmente o que estamos aprobando aquí é a declaración de interese de utilidade municipal e esa bonificación na taxa non ten porque vir a taxa. Entendo que é un cambio de proceder pero dentro do mecanismo que se establecen e temos unha nova tesoureira e entendo que se pode facer dentro de este procedemento ou traer xa a liquidación da taxa pero tampouco ten máis alá. Quero dicir agora se aproba este interese que é o que temos aquí de utilidade pública que é o realmente vimos aprobar aquí e con iso se aplicaríase o 95% que son os dous puntos do pleno. A liquidación da taxa entendo que a nova tesoureira interpretou que unha vez aprobado se fai a liquidación da taxa co que se aprobe aquí. O que está claro é que o que traemos hoxe aquí está avalado por informe de intervención e tesourería co cal ven completo.

Sr. González Souto: Estamos de acordo que o que se trae aquí é o 95% pero consideramos que como mínimo debería haber unha liquidación provisional para saber, porque neste caso é un importe relativamente baixo, sempre habería que mirar se os cálculos están ben feitos. Grazas Álex por saber sumar e multiplicar moi amable.

Sra. Alcaldesa: Paso a ler a proposta de Alcaldía, seguinte:

“Visto o expediente instado por María José Espiñeira Costa en representación do IES Pedras Rubias mediante escrito recibido en data 20.04.2021 (Rex. Núm. 2021-E-RE-600) relativos á solicitude de bonificación do 95 % da cota do do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras para dúas obras menores consistentes en reparación dun muro nunhas gradas exteriores e o cambio da rede no peche exterior

Visto que a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achegada, a realización de melloras no IES Pedras Rubias, polo que poden considerarse obras de clara utilidade pública por concorrer circunstancias de carácter cultural e social, pois se trata dunha obra que esta destinada, de modo prioritario ao fomento da educación, á integración social, formación, e ao desenvolvemento cultural dos habitantes do concello, e é concreción do dereito fundamental á educación tal como proclama o artigo 27.1 da Constitución Española.

Visto o previsto no artigo 5.1 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora do ICIO do



Concello de Salceda de Caselas e no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Non obstante o disposto no informe conxunto de Intervención núm. 2021-0063 e de Tesourería núm. 2021-0002.

De conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais e culturais ás obras menores consistentes en reparación dun muro nunhas gradas exteriores e o cambio da rede no peche exterior incluídas no expediente núm. 780/2021 a solicitude de María José Espiñeira Costa en representación do IES Pedras Rubias mediante escrito recibido en data 20.04.2021 (Rex. Núm. 2021-E-RE-600)

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO

PRIMEIRO. Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais e culturais ás obras menores consistentes en reparación dun muro nunhas gradas exteriores e o cambio da rede no peche exterior incluídas no expediente núm. 780/2021 a solicitude de María José Espiñeira Costa en representación do IES Pedras Rubias mediante escrito recibido en data 20.04.2021 (Rex. Núm. 2021-E-RE-600)

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.



TERCEIRO. Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.

Expediente 315/2021. . Aprobación de proxecto de obras de “Cambio de tella do CDL O Torrón”.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Sra. Tourón Domínguez: Aquí o que traemos é o cambio de tella do Centro de Desenvolvemento Local do Torrón. Antes de pasar a explicar en que consiste a intervención que se vai facer alí, si que quería comentar que advertimos un erro no punto 4.b) do informe de Secretaría e tras consultalo con ela comenta que non é relevante e que non cambia o sentido do informe. O erro ven no importe do proxecto que pon 33.075,60€, o importe do proxecto son 48.380,64€ e tamén di que non está previsto no orzamento municipal, foi un erro que non ten maior importancia nin cambia o sentido do informe. Non sería necesario traer este proxecto a pleno porque xa esta no orzamento municipal pero ben é verdade que temos o compromiso de traer todos os proxectos, o marque a lei o non o marque a lei, por transparencia o facemos.

As actuacións que se van a facer alí consisten na retirada total da tella cerámica curva existente neste momento, limpeza dos paramentos horizontais e verticais deixando preparado dous soportes e revestidos con pintura plástica, e despois colocación da nova tella cerámica curva envellecida de 40x15. Estes traballos vanse a realizar en dúas fases, na primeira procédese a reparación e impermeabilización nos puntos singulares da cuberta, e a instalación dunha lámina impermeable-transpirable sobre o soporte que xa existe, e despois volverase a colocar a tella, ademais de sistemas de recollidas de augas nos beirados da cuberta. Aínda que nun principio pensamos que ía ser necesaria unha intervención moito máis profunda, intervir na estrutura, unha vez revisados polos técnicos, consideran suficientes os traballos que se mencionaron e que traemos hoxe aquí. O importe do orzamento total é de 48.380,64€, hai partida no orzamento municipal. Esperamos, este equipo goberno, contar co apoio do Partido Popular por unha obra tan necesaria que levamos anos esperando por ela e agora que neste momento o podemos facer, que ademais creo que é o momento ideal pois o CDL do Torrón non está en pleno rendemento polo protocolo COVID e creo que molestamos menos si intentamos facer esta obras canto antes.

Sr. González Souto: Xa describiches perfectamente a obra, nós pola nosa parte so engadir que tamén nós en algún rogo que presentamos xa falamos das deficiencias que entendemos que con este proxecto que plantexades aquí se van a subsanar e polo tanto creo que é unha prioridade facer esa inversión e contemplar ese diñeiro, o



proxecto no orzamento é unha boa idea e polo tanto a nosa posición estamos totalmente de acordo.

Sr. Rodríguez Canosa: Simplemente engadir o noso voto positivo evidentemente, dun edificio que é do ano 2000, xa ten uns anos, o tellado vai tendo unhas pequenas filtracións e que nos últimos tempos algunha tella xa se caeu, xa se desprazou e polo tanto había algún risco para a seguridade e por iso este proxectiño para cambiar o tellado.

Sra. Alcaldía: Está é unha de esas obras que se van quedando ano tras ano porque se vai tirando e mentres non se fai acuciante a necesidade, non se decide apostar por ela, iso tamén é apostar pola formación e emprego, tendo edificios de calidade e esta vez tiñamos posibilidade con fondos propios a través do orzamento municipal para facer esta reparación e así o fixo o equipo de goberno. Dou lectura a proposta de Alcaldía seguinte:

“Visto o proxecto de obras denominado “Memoria valorada. Cambio de tella do CDL O Torrón” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez e o arquitecto técnico Alfonso Veloso Troncoso en febreiro de 2021, cun orzamento base de licitación de 48.380,64€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 8.396,64€ e o presuposto sen IVE a 39.984,00€.

Visto o informe técnico num. 2021-0067 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2021-0014 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Memoria valorada. Cambio de tella do CDL O Torrón” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez e o arquitecto técnico Alfonso Veloso Troncoso en febreiro de 2021, cun orzamento base de licitación de 48.380,64€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 8.396,64€ e o



presuposto sen IVE a 39.984,00€.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Memoria valorada. Cambio de tella do CDL O Torrón” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez e o arquitecto técnico Alfonso Veloso Troncoso en febreiro de 2021, cun orzamento base de licitación de 48.380,64€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 8.396,64€ e o presuposto sen IVE a 39.984,00€.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Expediente 638/2021. Ratificación do Decreto núm. 2021-0409 de aprobación do proxecto de “Reforma e acondicionamento das piscinas municipais. Fase 1”.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sr. González Coto: Boas noites a todos e todas e tamén aos veciños e veciñas que nos seguen dende a casa. O obxecto deste proxecto que traemos a explicar son as obras da reforma e acondicionamento dos vasos da piscina e na superficie perimetral pavimentada, aclarar que este proxecto aprobose por Decreto para solicitar unha subvención a través do plan Concellos deste ano e tráese a este pleno solo para ratificar.

A piscina municipal de Salceda é cunha construción dos anos 80, recibiu posteriormente nos anos 2000 unha reforma e hai cinco anos tamén no apartado da piscina infantil. Con esta primeira fase poñemos o inicio dun proxecto moito máis completo e ambicioso, que porá en valor a zona de ocio do parque da Gándara e que levaremos a cabo en tres fases, a cantidade total estimada a desenrolar alcanza 360.000€. Esta vez atopamos financiación a través de Deputación de Pontevedra pero temos que seguir buscando para as outras dúas fases, as cales son a reforma e ampliación dos vestiarios e tamén o cambio da maquinaria de depuración e funcionamento das piscinas.

A obra a realizar nesta primeira fase ten dúas actuacións claras e diferenciadas, por



unha banda mellora a eficiencia da instalación evitando perdas de auga ao arranxar os vasos das piscinas e por outra banda temos una superficie pavimentada que ten desperfectos, o cales vamos a solucionar coa substitución do mesmo pavimento porcelánico antideslizante escurridizo. Tamén adoptaremos a instalación a normativa DBSUA e instalárase un sistema de acceso para minusválidos.

Un breve resumo das obras que imos executar son as seguintes: a retirada da valla perimetral existente as escaleiras metálicas; a execución dos dous vasos de formigón utilizando os existentes como encofrado; a mellora da superficie e impermeabilización de vasos e desaugadoiro; mellora da superficie da explanada, retirando as pezas soltas e reenchendo eses ocos que quedan; colocación do alicatado porcelánico no interior dos vasos; colocación de pezas especiais de desaugadoiro; colocación dun novo pavimento na explanada e colocación de pezas de remates nas piscinas, tales como baranda, as propias escaleiras que quitamos e terminación pertinentes para rematar a obra.

Os informes dos técnicos son favorables e a actuación non presenta ningunha afección, xa por último dicir que os gastos de execución material alcanzan os 97.904€ os que sumados os gastos xerais e o beneficio industrial danos a cantidade de 116.505,76 € sen IVE, e co IVE de 24.466,20€ alcanzamos unha base de licitación de 140.971,96€.

Sr. González Souto: Tal como se recolle na documentación Plan Concellos liña 1 investimentos, o importe e que acaba de dicir Rubén é de 140.971,96€. Consideramos que acometer as obras que acabas de describir son necesarias, o proxecto que aquí aprobamos é necesario e polo tanto vamos a votar a favor.

Creo que tamén sería necesario, neste caso, aproveitar ao pleno para informar aos veciños visto o informe de urbanismo, que a día de hoxe estamos nesta situación, como lle comentei na Comisión informativa, que este verán posiblemente as piscinas non vaian a estar operativas, independentemente da situación do panorama COVID que nos poidamos atopar. Isto plantexollo por dous motivos, un, que non vai a dar tempo a executar as reparación que recolle o proxecto antes do verán e segundo, si non se acometen estas obras nas piscinas o seu estado actual, tal como acabo de facer mención ao informe de urbanismo, non cumprirían para abrir ao público. Pola parte do proxecto estamos totalmente de acordo.

Sr. Rodríguez Canosa: Rubén explicou perfectamente o proxecto coas cifras e coa descrición. Simplemente aclararlle a Tivo que as piscinas están operativas, poden abrirse perfectamente igual que levan aberto como ben dixo Rubén dende os anos 80. É unha instalación antiga, unha instalación que necesita que todos os anos se veña facendo un mantemento e que pouco a pouco se ía mellorando na medida das posibilidades. Agora a verdade é que se trae un proxecto para unha reforma íntegra, que evidentemente eses problemas xa desapareceran, gran parte deses problemas



quero matizar que se debeu a que fai uns anos, aquela tarde dun venres que choveu que parecía que nunca chovera, e que se desprende o muro que aguanta a terra do vaso, ese pequeno incidente fixo que o vaso se agretase máis o que fixo que a perda de augas era moito maior.

Sra. Tourón Domínguez: O informe de urbanismo, xa o explicamos na Comisión. Realmente as piscinas pódense abrir, non cumpren coa normativa, quere dicir que non están adaptadas á normativa actual, pero iso non significa que non as poidas abrir. É como pasa cun edificio que agora mesmo non ten unha accesibilidade ou un baixo comercial ou demais, que si está permitido abrir, só que se tivera outro tipo de licenzas ou tivera que facer obras pois hai que adaptalas á nova normativa pero non impide iso abril. Por suposto, con todas as precaucións que hai que ter como o que se lle vota ao chan para antideslizante polo tema da plaqueta, etc... Simplemente o que está dicindo o informe é que aproveitamos esta obra para adaptalo. A normativa que vai cambiando, hai moitas piscinas abertas sen a normativa adaptada, porque vai cambiando e temos que ir adaptándonos e non sempre é posible.

En canto as datas de apertura, todo vai a depender de cando estean en disposición, se quite a licitación, e tamén da evolución da pandemia que desafortunadamente, como comentaba a Alcaldesa ao inicio do Pleno, nun día estamos nunha situación e ao día seguinte estamos noutra e iso desafortunadamente este equipo de goberno non o pode prevelo, pero dende logo intentaremos facer o que menos problema cause a veciñanza.

Sr. González Souto: Pois si é así si se poden abrir as piscinas sen necesidade de acometer iso congratulámonos, pero o informe de urbanismo fala de que precisamente a baldosa que está no perímetro dos vasos é deslizante e presenta descolchóns, leo: *"a piscina grande presenta desconchados no alicatado sendo o desaugadoiro cerámico co que se coroa o vaso a causa das importantes perdas de auga da piscina."* Despois como fixo Álex referencia a cando caeu o muro que a piscina dos pequenos rachou pola metade, se vostedes creen que así se pode abrir pois adiante, o importante, o que nos estamos preocupando aquí, e que aos veciños e veciñas no verán, se a pandemia o permite, poidan desfrutar do baño.

Sra. Alcaldesa: Me parece correcto esa preocupación túa porque tamén é a nosa Tivo, xa o foi o ano pasado e ogallá o puideramos garantir e ter a piscinacoa reforma realizada para o verán, pero sexamos realistas, primeiro unha situación de incertidume na que vivimos, pero tampouco vamos a achacar constantemente a situación COVID do que sucede. Se poderá ou non se poderá, en todo caso é unha obra grande, importante, que se divide en fases. A veces hai que xerar novos servizos reformando edificios municipais, como acabamos de facer co centro terapéutico, e outras veces hai que coidar o que temos, son instalacións moi antigas, que merecen un cambio de arriba a baixo, méreceno porque ademais a poboación infantil e



mocidade sabedes que aumenta cada ano por sorte no noso Concello e se merecen outro tipo de instalacións. Os prazos de licitación e administrativo tamén os coñecedes igual que nós. Sexamos realistas, se queremos apostar por un proxecto ambicioso como este de máis de 300.000€ e incluso acometendo só esta primeira fase, os tempos van moi xustos, esa é a realidade. Estou segura ademais que a veciñanza que nos escoita, cando mostremos ese proxecto ao público, estará encantada con este proxecto, moi ambicioso para o noso Concello, por iso non nos queda outra que realizalo en fases, porque non temos a capacidade económica para afrontalo todo dun golpe. Saberán ademais que se non se pode abrir e que temos que sufrir un ano non ter a piscina para ter ao anos seguinte unha con todas as garantías sanitarias e con toda seguridade, pois estou segura de que o van a comprender.

Dou lectura do Decreto asinado no seu día número 2021-0457 no se se aproba o proxecto de “Reforma e acondicionamento das piscinas municipais-Fase I” para a súa ratificación, seguinte:

“BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2021. Estas bases e a convocatoria teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se concedan con cargo a este Plan de carácter anual. As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nestas bases e terán que ser de competencia municipal. (BOPPO Núm. 1 luns, 4 de xaneiro de 2021)

Os concellos poden libremente determinar a elección dos investimentos e actuacións subvencionables que desexen realizar, destinándose as axudas e subvencións ás seguintes liñas:

-Liña 1. Investimentos.

-Liña 2. Amortización, de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas e gastos correntes, incluídos os derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos etc.

-Liña 3. Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais

Entre as actuacións que considera necesarias este Concello encadrables na LIÑA 1 están as seguintes:

- PROXECTO DE “REFORMA E ACONDICIONAMENTO DAS PISCINAS MUNICIPAIS. FASE 1”
 - Redactado polo/a arquitecto/a Miguel Ángel Varela e Rocío Bernárdez



Fernández, asinado o 23.03.2021, cun orzamento base de licitación de 140.971,96 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 24.466,20€ e o presuposto sen IVE a 116.505,76€.

Visto que non cómpre ningunha achega municipal para desenvolver as actuacións incluídas na LIÑA 1.

De conformidade co anterior e no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMIEIRO. APROBAR o proxecto de obras denominado “REFORMA E ACONDICIONAMENTO DAS PISCINAS MUNICIPAIS. FASE I”, redactado polo/a arquitecto/a Miguel Ángel Varela e Rocío Bernárdez Fernández, asinado o 23.03.2021, cun orzamento base de licitación de 140.971,96 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 24.466,20€ e o presuposto sen IVE a 116.505,76€.

SEGUNDO. Solicitar subvención de conformidade co disposto nas BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2021, cuxo contido se coñece e se acepta na súa totalidade, respecto da Liña 1, por importe de 140.971,96€ para a execución do proxecto: “REFORMA E ACONDICIONAMENTO DAS PISCINAS MUNICIPAIS. FASE I”.

TERCEIRO. Dar conta do presente Decreto ao Pleno nos termos establecidos lealmente. “

VOTACIÓN: Sometida a votación a ratificación do Decreto 2021-0409, este resulta ratificado por UNIMIDADE dos DOCE membros presentes nesta sesión.

Expediente 633/2020. Ratificación da Resolución núm. 2021-0457 de aprobación de proxecto de obras de “Reforma da praza de abastos de Salceda para instalación de cuartos de aseo accesibles, espazo de uso común e reposición de cuberta”.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Sra. Tourón Domínguez: Neste caso o que traemos é tamén unha ratificación neste caso dunha modificación do proxecto da praza de abastos para a instalación de cuartos de aseos accesibles, espazo de uso común e reposición de cuberta. Este proxecto xa se aprobara no seu momento e á hora de comezar os trámites de licitación advírtese un erro técnico no prazo de execución da obra que figura no estudio básico de seguridade e saúde, que pasa a ser de 34 días. A pesar de que non é un cambio substancial, unha modificación substancial do proxecto traémola para



aprobación porque consideramos que é o máis acaído.

Aproveitando esta necesidade de solventar ese erro do prazo de execución dámoslle cabida tamén a un requirimento da Xunta que nos instaba a modificar a forma de presentar o cadro resumo do orzamento, simplemente o técnico o que lle saía era o cadro cunha forma e unha nomenclatura e a Xunta lle pedía outra, e ademais tamén aproveitamos para facer un cambio que é da substitución do plano da sinalética que antes ía encima dos postos e nunha reunión cos praceiros pensan que é mellor postos nos pilares. Esta apreciación non sería necesario incluílo nunha modificación pero si ben é verdade que xa que a traíamos este cambio no prazo de execución de 34 días pois aproveitamos e facémolo todo.

Para recordaros un pouquiño o proxecto, trátase de realizar uns novos aseos na parte de atrás, pasar os que están na zona de cafetería á parte traseira, eliminaranse as escaleiras e a parte que está en desuso para darlle volume de apoio ao espazo de uso común e nese espazo serán nos que estean os baños. Por outra parte, mellorar a sinalética con paneis para os postos e aproveitarase esa nova sinalética para sinalizar de novo os aseos e tamén incendios e por outra, aproveitamos agora para reformar dúas pequenas zonas de filtración de humidades a través das cubertas de edificación, concretamente sobre a zona das cámaras e sobre a cuberta do espazo da cafetería. Por diferentes motivos e tal como xa comentamos na Comisión, é verdade que traemos os tempos moi xustos para a realización desta obra, pero dende longo vamos a tratar de realizala por todos os medios. A licitación xa está en marcha, é un procedemento súper reducido que marca a lei e nestes casos adjudicarase nos próximos días e intentaremos que dea comezo no mes de maio.

O importe da obra ascende a 75.625€ total, dos que temos unha subvención do 80% da Xunta de Galicia que son 50.000€ e un 20% da Deputación a través do Plan Concellos deste ano 2021 que son 25.625€. A verdade é que este proxecto intentabamos completalo con outro para instalar un elevador e que solicitamos unha subvención a través de Infraestruturas, pero si non nos confundimos, hoxe publicaron as subvencións concedidas e non estamos entre as resolucións concedidas. Entendo que para ese outro proxectiño teremos que buscar financiación por outro lado para rematar isto poñendo tamén o elevador.

Sr. González Souto: Estamos de acordo na necesidade desta obra, en consecuencia co proxecto, o que non estamos de acordo neste caso é coa xestión por parte do goberno. Non estamos de acordo coa xestión do tempo para executala. Facendo un relato cronolóxico tal como figura no expediente, sería o seguinte: o 4 de marzo de 2020 hai unha resolución de Alcaldía asinada por Loli solicitando a aprobación do proxecto e a solicitude de subvención. O 5 de marzo de 2020 informe urbanístico de conformidade, da o visto bo ao proxecto. O 18 de maio de 2020 hai un requirimento da Xunta de documentación, de feito contéstase a ese requirimento tamén en maio. O 14 de xullo de 2020, resolución de concesión da subvención pola Xunta o 80%,



50.000€ o resto, como din vostedes, pídenlle ao Plan Concellos. O importante disto todo é que dende o 14 de xullo de 2020 non figura nada máis no expediente, e dicir, estamos a 29 de abril e a obra está pendente de licitar, que estiveron facendo todo este tempo? Son conscientes de que ten que estar rematada a obra para non perder a subvención o 30 de xuño? Non dubido de que estean pendentes diso, pero a paradoxa é que o Concello tarda, dende a aprobación do proxecto en marzo do ano pasado ata a maio deste ano para a licitación, ou se queren dende a aprobación definitiva da subvención, dende xullo de 2020, case dez meses ata a data que estamos hoxe. Agora a empresa que teña que executar non vai a ter nin dous meses para facela. Dito isto, o prazo para a execución do proxecto é de 7 semanas, fala 34 días pero son 34 días laborais, non pretenderá que a xente traballen aos domingos, e nas obras só hai que andar nelas para darse conta de que sempre aparecen dificultades, de feito, a data de hoxe estamos a 29 de abril e finaliza o prazo o 30 de xuño. Non sabemos cando se vai a iniciar esa obra, esta demora na realización dos trámites pertinentes por parte de vostedes pode ter consecuencias. A primeira, por en risco a subvención se non se cumpre o prazo, a segunda unha presión adicional para a empresa contratista adjudicataria da obra, a terceira as presas, todos sabemos, que diminúen a calidade de execución das obras, porque chegará un momento que só é importante rematala en prazo, como se faga da igual, e cuarta, en cuestión de seguridade e saúde as presas, son en moitos casos, o principal factor nos accidentes laborais. Desde a administración temos que poñernos as pilas e axilizar os trámites e darlle o tempo necesario para se fagan as obras.

Polo ben de todos esperemos que cheguemos a tempo e non perdamos a subvención por incumprir o prazo de 30 de xuño, e se se perdera a subvención sempre lle poderían votar a culpa ao PP de Salceda, a nós. Está claro que dicir isto sería un disparate, pero como xa nos teñen acostumados avisamos, como disparate máis recente que para esquivar o bulto do catastrazo votáronnos a culpa ao PP de Salceda de non ter un PXOM, para que me entendan dos veciños, un Plan de Urbanismo e que da ponencia de valores sexa do ano 1987. Catorce anos gobernando entre vostedes e a culpa de non ter un plan de urbanismo e unha nova ponencia de valores é do PP, menudo disparate. Señores e señoras do goberno, Salceda necesita trocar publicidade e marketing por xestión, xestión e xestión, necesita cambiar xente que esquive as responsabilidades con artimañas e escusas mal fundamentadas por xente dirixente e que asuma as responsabilidades que lle corresponden en cada momento. Salceda con vostedes non evoluciona, proba disto e que segue anclada nas normas subsidiarias do 1997, segue anclada na ponencia de valores do 1987, segue anclada en documentos importantísimos que organizan o Concello redactados no século pasado, algo arcaico se nos comparamos cos Concellos da contorna e os últimos 14 anos gobernando vostedes. Este atraso ten consecuencias, pero quen as paga?

Sr. Rodríguez Canosa: Tivo paréceme ben o que dixeches, evidentemente é a túa opinión pero non é certo ou é media verdade. A este pleno tróuxose un Plan Xeral para aprobación inicial e o Partido Popular votou en contra, as Normas Subsidiarias



do Concello de Salceda son do Partido Popular ,non é ningunha mentira, son do 97 e son as que marcan os núcleos urbanos e no rural.

Sra. Tourón Domínguez: Vou intentar cinguirme ao proxecto da praza de abastos porque se estamos falando dos Concellos da contorna e das normas que ten cada un volvemos a ter que mencionar Salvaterra e non quixera porque non somos o único Concello que estamos coas Normas do século pasado. Iso de todas formas non quita que se intenten aprobar para que se solucione ese problema, que por suposto eu si que admito que é un problema e non vou votarlle a culpa ao Partido Popular, ao igual que si me coñeces ben non lle vou votar a culpa ao Partido Popular de que a praza non se faga en prazo, creo que me coñeces o suficiente como para saber que non utilizo ese tipo de cousas e son responsable do que fago e de como se tramitan as cousas.

A verdade é que aquí efectivamente vamos xustiños de prazo, xa se dixo na Comisión, volví a dicilo na miña intervención, como che expliquei na Comisión, por diferentes motivos os procedementos foron máis lentos en departamentos que non deberían ir así de lentos, pero estamos nunha situación especial e a verdade eu fágome responsable de como se tramitou esta subvención, pero si ben é verdade que a veces hai situacións alleas que provocan que esteamos nesta situación. Non sabemos cando a vamos a comezar, o libro de ruta esperamos que as obras empecen o 10 de maio, o procedemento xa está en tramitación e esperamos poder adxudicar a obra nuns días, co cal a idea é que se non hai ningún impedimento o 10 de maio comecen as obras para poder cumprir os prazos. Gustaríame de verdade ter máis tempo para executalo, a veces esas circunstancias e as cousas non saen como un quere pero dende logo vamos a poñer todo o empeño para que a obra saía adiante, para que se fagan nas máximas condicións de seguridade posible e que non perdamos esta subvención e que os praceiros e praceiras e a clientela do noso mercado poidan dispoñer destas instalacións e desta obra que é necesaria para seguir avanzando nese eido.

Sr. González Souto: Polo ben de todos que a obra se acabe con todas as premisas e no prazo que agardamos que sexan antes do 30 de xuño, de feito vostede chamoume despois da Comisión para preguntarme se tiña algunha dúbida sobre proxecto, máis ou menos salvo un papel que eu entendía que ese requirimento da Xunta de 18 de maio non contemplaba o que puña a resolución de Alcaldía, había máis cousas, co cal estaba buscando outro requirimento no expediente que me falara do que máis se modificou. Polo tanto, o antes posible terá que iniciarse a obra pero mantendo uns criterios de calidade axeitados.

Con respecto ao Sr Alex, é un disparate que lle voten a culpa ao PP, de feito a súa compañeira de goberno reconece esa postura. Quen presidiu cando se levou no 2016 o Plan de Urbanismo? Sabe cantas alegacións se presentaron a ese Plan de urbanismo? Nós presentamos 12 alegacións, non se nos respondeu ningunha, o que pasa é que cando fas política de confrontación que é o fácil e buscas o rédito só no



enfrentamento, Álex, pasa o que pasa. Espero que vostedes non aprendan, de feito o talante de Loli pódese dicir que é distinto, hai dous tipos de facer política, a difícil é a de pactos e acordos e aí é onde se ven que non hai egoísmos e de ningún tipo de interese persoal, nin político. Polo tanto que vostedes manteñan que a culpa é do PP, desculpe pero dame a risa, porque iso é precisamente o que lles dicía fai un momento, Salceda necesita xente dirixente e responsable que saiba asumir responsabilidades e se non temos un Plan de Urbanismos a día de hoxe é porque o goberno que está ou estivo non o trouxo en condicións nin se aprobou.

Sr. Rodríguez Canosa: En ningún momento dixen que fora culpa do PP, o único que dixen foi que a este pleno se trouxo un plan xeral e o PP votou en contra, non dixen que fora culpa do PP. A verdade é que esperaba de ti que foras un pelín máis sensato e non me está gustando, porque estás sendo un pelín hipócrita, porque dis que non se modifican as Normas pero cando se traen non votades a favor, non vos entendo. Igual que miramos no punto anterior, criticades que acabamos con todo crédito porque o REC é moi alto e cando traemos outro punto no que o que facemos é incorporar o remanente de tesourería ao orzamento tamén votades en contra. Ao final o que queredes evidentemente é que non gobernemos e entorpecer a acción do goberno e pouco máis. En canto as alegacións que preguntaches cantas alegación houbo, eu díxenche cero, porque para que haxa alegacións o período legal de alegacións é despois da aprobación inicial que non se chegou a dar.

Sra. Alcaldesa: Esta é una primeira fase dunha terceira que era moito máis completa e ca que por fin o equipo de goberno pecharía un serie de reformas que se levaron a cabo durante estes anos para modernizar e adecuar a nosa praza de abastos. As necesidades que ten hoxe en día, a súa primeira fase na súa segunda sabedes que invertimos máis de 400.000€ e esta terceira que é entorno a 150.000€ o mesmo, non se pode invertir todo de golpe porque preferimos diversificar e atender a diferentes edificios municipais e neste caso traíamos o proxecto I que é este “A reforma da praza de abastos de Salceda para instalación de cuartos accesibles, de espazo de uso común e reposición da cuberta” por importe de 75.625€, 50.000€ son fondos AGADER e Plan Concellos pon 25.625€. O proxecto II xa o anticipou Verónica, un mágoa que os 73.476,09€ que nos ía permitir a execución dese ascensor montacargas que é moito máis que un ascensor, porque é unha formula de accesibilidade e ademais de retirar da praza que é de uso peonil, moitas veces os transportes de carga e descarga que se ven prexudicados aquí, ofrecería seguridade e outra visión a praza. Hoxe nos comunicaron aínda non de forma oficial, pero si vimos publicado que a Xunta non tivo a ben investir deses 73.476€ a contía de 40.000€ porque os outros 33.476€ serían financiados con fondos propios e isto nos levaría a completar esa terceira fase tan desexada, como algún pequenos amaños e necesidades máis que vaian xurdindo. Unha mágoa que non tivesen a ben aportar estes 40.000€, pero nós seguiremos buscando financiación por onde sexa preciso, porque a nosa aposta pola praza foi, está sendo e seguirá a ser. Hai novas xeracións na praza, hai novas necesidades e dende logo este goberno vaille a dar cumprimento a todas que sexan posible.



Ratificamos a resolución núm. 2020-0457 de aprobación do proxecto modificado de “Reforma da praza de abastos de Salceda para instalación de cuartos de aseo accesibles, espazo de uso común e reposición de cuberta”, seguinte:

“Visto que mediante Resolución de Alcaldía núm. 2020-240 aprobase o proxecto obra de “Reforma da praza de abastos de Salceda para instalación de cuartos de aseo accesibles, espazo de uso común e reposición de cuberta”, redactado polo arquitecto Carlos Álvarez Ávila, de data marzo de 2020, ascendendo o total do orzamento de contrata a 75.625 € (IVE do 21€% incluído), ascendendo o IVE a 13.125€ e o orzamento sen IVE a 62.500 €.

Visto que en data 31.03.2021 (Rex núm. 2021-E-RE-480) Carlos Álvarez Ávila presentou unha modificación do sinalado proxecto que afecta principalmente ao prazo da obra que figura no Estudio Básico de Seguridade e Saúde, plano de sinalética e de resumo do orzamento modificado por requirimento da Xunta de Galicia.

Visto que o órgano competente para a aprobación do proxecto é o Pleno, ao tratarse dun proxecto de obra non previsto no orzamento municipal, de conformidade co artigo 21.1. O) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto non obstante que é urxente proceder a aprobación do sinalado proxecto modificado para poder continuar a tramitación do expediente de licitación da obra, que deberá estar finalizada antes do 30 de xuño de 2021, non sendo posible demorar a súa aprobación ata a celebración da vindeira sesión plenaria.

De conformidade co anterior e no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado de “Reforma da praza de abastos de Salceda para instalación de cuartos de aseo accesibles, espazo de uso común e reposición de cuberta”, redactado polo arquitecto Carlos Álvarez Ávila, de data marzo de 2021, ascendendo o total do orzamento de contrata a 75.625 € (IVE do 21€% incluído), ascendendo o IVE a 13.125€ e o orzamento sen IVE a 62.500 €.

SEGUNDO. Someter o presente Decreto a ratificación do Pleno de conformidade co artigo 21.1. O) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a ratificación do Decreto 2021-0457, este resulta ratificado por UNIMIDADE dos DOCE membros presentes nesta sesión.



Moción do grupo municipal Movemento Salceda sobre sobre o Acueducto do Pontillón, o proxecto Migra-Minho e o proxecto Mil Ríos.

Sr. Rodríguez Canosa: Dou lectura a moción, seguinte:

“De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Salceda de Caselas os Grupos Municipais de Movemento Salceda e PSdeG-PSOE desexan someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os días 12 e 13 de agosto de 2020, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, durante a execución das obras de “Mellora da permeabilidade no río Caselas” derrubou o Acueducto do Pontillón, situado preto da desembocadura do río Caselas, entre a parroquia de Arantei, no concello de Salvaterra de Miño e Caldelas, no concello de Tui.

O Acueducto do Pontillón estaba formado por 6 piares de sección cadrada (85x85 cm²) de perpiaño, sobre os que se asentaba a levada, de 45 cm de ancho, 45 de alto e 22 metros de lonxitude, como indica o informe realizado polo enxeñeiro de camiños Simón Molinero no 1979, onde ademáis destaca o seu alto valor arquitectónico e resalta que conta con varios séculos de antigüidade.

A “Mellora da permeabilidade no río Caselas” forma parte do proxecto “Migra-Minho”, desenvolvido pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e o Instituto da Conservação da Natureza e das Florestas portugués.

Este proxecto ten unha grande importancia para o medio ambiente e para o biodiversidade dos nosos ríos, castigados durante décadas pola contaminación e que grazas a proxectos de rexeneración como este e outros levados a cabo en anos anteriores están facendo que recuperen a súa vida.

O problema chega, cando neste tipo de proxectos non se ten en conta a protección do Patrimonio Cultural e Etnográfico relacionado cos nosos ríos, e que neste proxecto trátanse como meros obstáculos para o remonte das especies migradoras.

Como se pode observar no “informe de actuacións realizadas por parte da Condfederación Hidrográfica Miño-Sil de eliminación e permeabilización de obstáculos en cauces fluviais”, no cauce do río Caselas, xa se eliminaron dous peiraos, ao igual que en outro afluentes do río Miño, como o Furnia, o Pego ou o Deva.



Os elementos como muíños, peiraos, levadas, pesqueiras, acueductos e batáns son bens patrimoniais que forman e formaron parte da nosa economía de subsistencia a través dos séculos, da nosa historia, da nosa etnografía, da nosa poesía, das nosas cantigas, e como non, da nosa memoria.

Así, estes elementos están protexidos por dúas leis autonómicas. A Lei 5/2016 do 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia e a Lei 5/2006 do 30 de xuño para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos. Así, a lei 5/2006 recolle especificamente no artigo 1º:

1. Declárase prioridade de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a conservación do patrimonio natural fluvial, que inclúe a biodiversidade da flora e dafauna dos ríos galegos, así como o patrimonio etnográfico e histórico-cultural relacionado.

2. Declárase, así mesmo, obriga das administracións públicas galegas garantir a súa protección, conservación e mellora.

Por todo isto, os Grupos Municipais de Movemento Salceda e PSdeG-PSOE propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal de Salceda de Caselas a adopción do seguinte acordo:

- Instar á Confederación Hidrográfica Miño-Sil a repor o Acueducto do Pontillón na súa ubicación orixinal, e no estado de conservación no que se atopaba no momento do seu derrube.

- Instar á Consellería de Media Ambiente da Xunta de Galicia, como un dos promotores do Proxecto Migra-Miño a revisar as actuacións de eliminación e permeabilización de obstáculos nos afluentes do río Miño en xeral, e no río Caselas en particular, co obxectivo de preservar os elementos patrimoniais e etnográficos de gran valor cultural que existen nos seus cauces, contando para isto, con persoas expertas en Patrimonio e/ou arqueólogos/as especializados/as.

- Instar á Consellería de Medio Ambiente a revisar o proxecto “Mil Ríos”, incluíndo a protección dos bens patrimoniais culturais e etnográficos.”

Este é o texto da moción, facer un par de puntualizacións. En primeiro lugar creo que quedaba claro na moción que non estamos en contra da totalidade do proxecto “Migra Miño”, senón que creemos que ademais de mellorar o medio ambiente e a biodiversidade dos nosos ríos debería tamén incluír o respecto e a posta en valor destes elementos etnográficos e patrimoniais que forman parte dos mesmos.

O acueducto do Pontillón foi derrubado pola Confederación Hidrográfica Miño- Sil



porque supoñía, segundo eles, un perigo para os traballos que se estaban desenvolvendo, consistentes na instalación dunha escala que se instalou para facilitar o remonte das especies migradoras río arriba. Consultaron a Patrimonio polo elemento, porque está incluído na zona do xacemento igrexa vella de Caldelas, pero como non estaba catalogado ese elemento procederon ao seu derrubo no mes de agosto do ano pasado. Creemos que este acto feito por parte de Confederación mostra unha nula sensibilidade, non tanto por parte de Confederación como por Patrimonio cara este tipo de elementos. Creo que e ao noso parecer o modo axeitado de proceder sería a posta en valor do acueducto e ademais garantir a súa seguridade e a seguridade dos traballadores.

Nos informes do proxecto Migra Miño, nun informe que é o estudo de selección dos obstáculos a eliminar e permeabilizar os afluentes, neste informe detecta obstáculos, e digo obstáculos porque aos elementos patrimoniais chámanlle obstáculos nese informe, en catro ríos dos afluentes do río Miño que son o Furnia, o Pego, o Deva e no Caselas. Centrándonos no Caselas, que é o río que nos da nome e que nace en Salceda, detectan cinco obstáculos neste primeiro informe. Nesta primeira actuación os cinco están na parte final do río non chegan ao Concello de Salceda pero si que o seguinte obstáculo sería o Muiño dos Herdeiros da parroquia de Entenza e tamén unha reflexión, curiosamente o maior obstáculo de todo o río Caselas que é a parte que vai xusto por Caldelas por debaixo da estrada e da vía do tren que vai canalizada, curiosamente a iso non lle fixeron nada, o que fixeron foi modificar, deseñaron unha escala para que os peixes e as especies migradoras poidan subir por esa escala e sortear ese obstáculo, en cambio no resto de obstáculos, que son elementos patrimoniais, pois decidiron que o máis fácil era tirar con eles.

Esperemos que esta moción se aprobe e sobre todo esperemos que de cara a futuras intervencións deste tipo se teñan en conta e se preserven e se poñan en valor realmente os elementos patrimoniais.

Sr. Rodríguez Davila: Quero primeiro en nome deste grupo unha vez máis felicitar a Joaquín e a Tivo porque demostran que cando se fai o traballo con rigor e se traen os números e as contas aprendidas pois queda en evidencia o goberno unha vez mais. É moi fácil dicir palabras, simplemente hai que repasar os últimos anos e os últimos meses, dicir sempre o mesmo e repítese ano tras ano, que os provedores e os veciños xa estarán acostumados a escoitar ao goberno que sempre teñen crédito, que sempre hai cartos, que estamos en disposición de pagar pero que casualidade que cada vez pagan máis tarde, que cada vez os REC aumentan e é unha barbaridade se comparabamos o ano 2012 co 2021, que pasamos de 400.000€ de REC a 1.900.000€. Se tantos cartos hai, se tan boa xestión económica hai, como é que cada ano pagan máis tarde aos provedores e cada ano o REC aumenta unha barbaridade? De 400.000€ a case 2 millóns de euros.

Sra. Alcaldesa: Perdoa que te interrompa, vouno interromper só por un motivo, hai



persoas, unha asociación en concreto que está interesada en saber cal é o voso punto de vista nesta moción. Se vostede en calquera outro punto, a pesar de que o defenda Joaquín, que o defenda Primitivo, que o defenda Ana Cristina, quere falar, só ten que pedir a palabra e eu vou darlla. Eu creo que por respecto aos colectivos que ademais nos din que traíamos estas mocions, están esperando, que nos levan escoitando todo pleno, creo que deberíamos cinguirnos á moción. Permíteme que cho diga e ademais douche a oportunidade que no debate de calquera outros dos puntos aínda que non o defendas ti, si me pidas a palabra cha vou a dar, desculpa.

Sr. Rodríguez Davila: Sra. Alcaldesa, xa sei que non gusta o que estou a dicir, é normal que me interrompa. Remato xa e as verdades cando son grandes verdades e categóricas como a que estou a dicir doen, pero é certo o que estou a dicir. Seguramente tamén hai moitos veciños que queren escoitar o que estou a dicir. Mire, nós non podemos permitir, por iso este grupo votou en contra, que o Concello se siga endebedado.

Con respecto á paaza de Abastos permítame Sra. Alcaldesa, que xa que vostede dixo que non se concedeu unha subvención ultimamente, que pena que non recordara que fai dous anos o goberno que vostede preside rexeitou unha subvención concedida para a Praza de Abastos porque segundo vostedes, e hai documentos que así o din, non tiñan fondos para complementar esa subvención, hai que dicilo todo.

En canto á moción, se realmente isto é unha prioridade para o goberno de Salceda, traer unha moción para reclamar algo que neste caso en concreto afecta a unha parroquia de Salvaterra do Miño e unha parroquia do Concello de Tui, mo explican. Sinceramente creo que o goberno demostra unha vez máis as súas verdadeiras prioridades, reclamarlle a reposición dun pontillón que se retirou nun tramo do río Caselas, poderían traer a próxima vez algunha moción reclamándolle non sei en que Concello fan non sei que cousa, de verdade vostedes creen que para os veciños de Salceda isto é unha prioridade? Que nun pleno municipal debatamos sobre unha moción que directamente non nos afectan neste caso en concreto. Xa sei as especies, a protección, o patrimonio etnográfico, estamos de acordo, quen non está de acordo con iso? Aproveito tamén aquí a miña intervención, Sra. Alcaldesa, non terxiverse o que este grupo vota nas comisións, porque cando un terxiversa e manipula está sendo unha persoa ruín e iso non o podemos consentir. Dende este grupo, que vostede diga que nas Comisión nos abtemos e logo cambiamos de posición, en case todos os asuntos que veñen a pleno este grupo nas comisión se abstén, precisamente para ter máis días para ver a documentación, precisamente para debater entre os compañeiros do grupo municipal e precisamente para tomar unha posición respecto da postura final que tomamos en cada votación nos plenos municipais. Que dixera vostede respecto do suplemento de crédito que cambiamos de opinión é falso, porque en todas as comisión en case todos os puntos, salvo excepción dos que votamos en contra ou a favor, que vostede diga iso é falso, polo tanto o noso grupo voto o que considera en cada pleno despois de cada comisión, xa digo nos abtemos



que esa é a postura case sempre deste grupo.

Sra. Alcaldesa: Volvo a repetir porque non debeu quedar claro, cíngase ao punto que se trata e cando queira pedir a palabra pídaos. Ruín aínda non mo chamara, ruín por qué? Por trasladar o que aconteceu nunha comisión? Porqué son ruín, Santi? Porque non traen o traballo de fiscalización na comisión informativa feito e eu os deixo en evidencia? É así, abstivéronse ou non se abstiveron? Joaquín dixo textualmente “abstención porque isto é unha figura normal” ou no? Eu non minto, pero si vostede considera que son unha persoa ruín pois son ruín.

Sra. Tourón Domínguez: Paréceme unha falta de respecto, cando temos un regulamento neste pleno, paréceme unha falta de respecto non so aos voceiros do equipo de goberno senón tamén aos seus propios compañeiros, que se utilicen os tempos para o que un queira e non respecte as intervencións dos demais. Ao mellor as compañeiras que defendemos os distintos temas neste pleno fixemos uso exacto dos nosos tempos para defender cada tema, a min me parece unha falta de respecto. Cinguíndome a moción, creo que si temos traídos a este pleno outros temas que afectan en maior ou menor medida a Salceda, pero que creo que defender o río Caselas sexa no tramo que sexa e defender o patrimonio tanto cultural como etnográfico como de calquera tipo é cometido tamén dos representantes sexamos representantes municipais ou de outro tipo eu creo que o Partido Popular está quedando en evidencia non defendendo o patrimonio de todos e de todas, da igual que sexa aquí tamén o Partido Popular trouxo outras mocións que ao mellor tiñan máis que ver con outros Concellos e non con nós, pero aquí estamos falando do río Caselas e aínda que non faláramos este grupo vai a defender o patrimonio tanto cultural, como social, etnográfico, calquera. Creo o a defensa do voceiro de Movemento Salceda foi totalmente correcta, nós defendemos e apoiamos todas e cada unha das palabras que el dixo e creo que deberíamos empezar a pensar que os representantes municipais a veces estamos máis alá do estritamente plenario e institucional para defender o que é de todos, sexa aquí, sexa en Salvaterra, sexa en Tui ou neste caso aínda máis afectando ao río Caselas.

Sr. Rodríguez Canosa: Santi creo que estivo totalmente fora de lugar a túa intervención, creo que simplemente tes un mal día, cando escoites a intervención recapacitarás. Dicar que unha moción na que se insta a revisar o proxecto para que non sigan río arriba destrozando o patrimonio non ten nada que ver con Salceda me parece curioso. Dicar que Caldelas e Arantei que son dúas parroquias que teñen moitísimos vínculos con Salceda, como todo o mundo sabe, a miña familia ten o negocio en Salceda e creo posiblemente que temos máis clientes que son das parroquias colindantes, como Caldelas, Cabreira, Arantei, Alxén, case que de Salceda, as relación de Salceda con Caldelas e con Arantei historicamente foi como que o centro somos nós e non Salvaterra ou Tui. Paréceme unha falta de respecto enorme sobre todo para un colectivo que se mobilizou dende o mes de agosto do ano pasado para loitar por este elemento patrimonial, que é a “Asociación patrimonial etnográfica



acueduto de Caldelas”, que foron os que nos fixeron chegar esta moción e en especial e en particular a Silvia e a María, a presidenta local, que nos fixeron chegar esta moción e nos mostraron a súa preocupación e a verdade é que nos fixeron abrir os ollos e nos puxeron en alerta sobre distintos proxectos e en concreto o proxecto “Migra Miño” e o proxecto “Mil Ríos”. Creo que deberíades respectar máis estas iniciativas e preocuparte un pouco máis polo patrimonio cultural galego, polo patrimonio cultural español e incluso polo patrimonio cultura portugués para outras cousas si que dis “soy español” para isto resulta que non. En vez de falar do patrimonio cultural galego falas do IBI, de puntos anteriores, espero que recapacitedes e votedes a favor a desta moción e que o patrimonio cultural e etnográfico galego se respecte e se poda por en valor.

Sr. Rodríguez Davila: Deben ter vostedes a capacidade adivinatoria porque eu non dixen a posición deste grupo respecto da votación e vostedes xa polos meus argumentos, que os reitero e os manteño, vostedes deducen que vamos a votar en contra ou abstención, porque claro, nós estamos en contra do patrimonio, estamos en contra do medio ambiente, estamos en contra de todo. Por iso que cada vez temos máis apoio no concello, cada vez temos máis apoio en Galicia e en España, porque todo o que digamos ou argumentemos en contra do goberno xa é ir en contra de todo. Dicar que isto é unha prioridade para o goberno comparando con outras é estar en contra xa? Ou dicir que lle compete este caso concreto a un municipio porque é afectado no pontillón que estamos a falar, independentemente do proxecto en si, xa iso e ir en contra do patrimonio, do medio ambiente de todo? Falta de respecto a quen? Por dicir a nosa posición é faltar ao respecto? Vostedes si que faltan ao respecto en moitas ocasión por nós manter o noso posicionamento e o noso argumento é faltar ao respecto.

Eu manteño o que dixen e o reitero, para vostedes é tan prioritario isto como o saneamento do noso Concello, para vostedes é tan prioritario traer esta moción como a presenza municipal de máis e mellores instalacións, que cousas concretas importantes a debate. Hai que recordar que vostedes dedícanse mañá e tarde, segundo vostedes, a isto e sen embargo os proxectos importantes nada de nada. O dixi moi ben antes o compañeiro Tivo, levan vostedes 14 anos de goberno mai dous que faltan 16, en 16 anos non van ser capaces de ter un plan xeral aprobado. Recórdolle que dos 16 anos, 12 vostedes teñen maioría neste pleno para aprobar un Plan Xeral, de 16 anos, 12 maioría absoluta teñen vostedes, tiveron e teñen, para aprobar un Plan Xeral e vai a acabar este mandato e seguimos sen plan xeral, pero a culpa seguira sendo do Partido Popular.

O noso voto vai ser a favor, señores do goberno, vostedes adiantan acontecementos sen esperar a decisión deste grupo porque xa interpretan como case sempre, erroneamente, o que estes concelleiros deciden. Polo tanto coidense moito do que digan, tomen as súas decisións e Sra. Verónica, non lle vou permitir que se meta en asuntos deste grupo, en tal caso si algo hai que recriminar recriminarémonos entre



nos mesmos, non que teña que vir vostede a dicir o que temos que facer, falar, dicir ou interpretar. Creo que xa bastante ten vostede consigo mesmo, polo tanto o noso grupo nesta ocasión votamos a favor, e outras votamos en contra e por votar a favor ou en contra non lle faltamos o respecto a ninguén, simplemente é unha decisión que toma este grupo por maioría e asumimos as consecuencias para ben e para mal, que quede claro ao respecto.

Está moi ben recriminarlle que non retiren obstáculos pero recórdolle que o goberno anterior sacou obstáculos sen permiso do río Caselas, destruindo a natureza e árbores que obstruían efectivamente o cauce do río, pero iso tamén é eliminar do cauce, vexetación, árbores autóctonas, etc... o nos voto como dixen vai ser a favor.

Sra. Tourón Domínguez: Resúltame increíble que se diga que a este pleno non traemos cousas importantes cando acabamos de aprobar un recoñecemento extraxudicial de crédito, un suplemento e tres proxecto de obra. Paréceme increíble o atrevemento do compañeiro do Partido Popular de dicir que non facemos nada importante, en canto ao que “xa teño bastante comigo mesmo” será “consigo mesma” non vou a entrar niso por iso si me parece unha falta de respecto total.

Sra. Alcaldesa: Estou sentindo unha vergoña total agora mesmo e ademais agardando a esta hora están Silvia a presidenta e María a vogal da Asociación Acueduto de Caldelas e me está dando vergoña. Si, resulta que recollemos a súa moción porque persoas do pobo de Caldelas estaban preocupadas por un legado de moitísimos anos que lles deixaron os seus ancestros e que se ven na obriga de coidar, para os que veñamos detrás e que temos a gran sorte de pasear polas sendas dos nosos ríos con unha tremenda riqueza patrimonial e natural e resulta que estas persoas do pobo, que ademais da súa vida se preocupan por deixarnos un legado importante, nos trasladan ao Concelleiro de Patrimonio e a esta Alcaldesa a súa preocupación fundada polos acontecementos e polo que pode vir por culpa deste proxecto, que nin sequera elas están en contra deste proxecto, pero ten que ser compatible a recuperación medioambiental coa recuperación patrimonial, veñen aquí co seu tempo, preocupadas por algo polo que se debían preocupar as administracións, nolo trasladan, nos fan saber ademais que o río Caselas, o noso río Caselas corre serio perigo de que aconteza o mesmo que en Caldelas e a vostedes isto lles parece unha coña, en serio? Acabas de facer un papelón, eu presumía diante desta xente de que non ía a haber problema na corporación deste Concello, que estaba segura que iamos a defender esta moción, que ademais se vai a presentar en Salvaterra e en Tui, cada quen se retrata. Vou mirar o que fai o Partido Popular en Salvaterra e vou mirar o que fai o Partido Popular en Tui, cada quen se retractara, vostede acaba de facer un papelón, e sabe o que ruín? Ruín non son eu, ruín é non defender o que está facendo esta xente, iso é ruín e ademais sabe que meteu tanto a pata que o primeiro que fixo Joaquín foi levantarse do seu asento e dicir aos seus compañeiros que cambiaban do sentido do voto e agora si que van a votar a favor. Esa é a realidade polo papelón que acaba de facer nesta sesión plenaria.



Silvia, Mari agradecemento total ao voso traballo desinteresado, si, gracias por despertar a nosa curiosidade o noso interese, isto vai facer que nos poñamos as pilas co noso catálogo de patrimonio, que xa o temos redactado e ía incorporado nese Plan Xeral que efectivamente non aprobastes, pero como non foi aprobado teremos que traelo a este pleno para protexer a ese patrimonio e que non aconteza o que aconteceu co pontillón, porque vos gusta pasear polas sendas e velas cheas de muíños, verdade que vos gusta? Pois diso e do que temos que ocuparnos, da defensa do noso patrimonio, do noso río, pero como que non temos que traer aquí esta moción, en serio, de verdade? Me da vergoña.

Quero rematar co agradecemento polo traballo feito por estas dúas mulleres e remato con unha frase que me enviabas Silva onte que decía “o patrimonio galego será tido en conta e respectado si todas e todos o poñemos en valor e velamos por el”.

VOTACION DA MOCIÓN: Sometida a votación a moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros asistentes a esta sesión, adoptándose o seguinte

ACORDO:

1. Instar á Confederación Hidrográfica Miño-Sil a repor o Acueducto do Pontillón na súa ubicación orixinal, e no estado de conservación no que se atopaba no momento do seu derrube.
2. Instar á Consellería de Media Ambiente da Xunta de Galicia, como un dos promotores do Proxecto Migra-Minho a revisar as actuacións de eliminación e permeabilización de obstáculos nos afluentes do río Miño en xeral, e no río Caselas en particular, co obxectivo de preservar os elementos patrimoniais e etnográficos de gran valor cultural que existen nos seus cauces, contando para isto, con persoas expertas en Patrimonio e/ou arqueólogos/as especializados/as.
3. Instar á Consellería de Medio Ambiente a revisar o proxecto “Mil Ríos”, incluíndo a protección dos bens patrimoniais culturais e etnográficos.”

Moción do grupo municipal PSOE demandando un incremento das achegas da Xunta de Galicia ao servizo de axuda no fogar que presta o Concello.

Sra. Tourón Domínguez: Dicir que igual que a outra aínda que poña moción presentada polo Partido Socialista e unha moción conxunta do de Movemento

Salceda de Partido Socialista, paso a ler a moción seguinte:

“De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Salceda de Caselas os Grupos Municipais do PsdeG-PSOE e Movemento Salceda desexan someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN DEMANDANDO UN INCREMENTO DAS ACHEGAS DA XUNTA DE GALICIA AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR QUE PRESTA O CONCELLO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un servizo integral, polivalente e comunitario, orientado ás persoas e/ou familiares que presenten problemas para a realización das actividades da vida cotiá, proporcionándolles atención directa no propio domicilio mediante intervencións específicas que favorezan a súa permanencia e integración no seu contorno habitual, e compensen a súa restrición de autonomía funcional. En definitiva, unha prestación básica de atención a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

A loita contra a pandemia do Covid-19, requiriu dos concellos a intensificación e a realización de novas tarefas, nomeadamente no eido dos servizos sociais municipais, onde se implementaron todo tipo de medidas extraordinarias: reparto de comida, medicación, deberes escolares ou fogares, incremento da asistencia a domicilio e das axudas para cubrir necesidades básicas e a posta en funcionamento de medidas e dispositivos de axuda a persoas sen fogar.

O impacto da pandemia foi e está sendo especialmente forte nas persoas máis vulnerables por mor da letalidade en persoas maiores ou con patoloxías previas, e os efectos devastadores do illamento en persoas con unha precaria rede de apoio. Por elo, os concellos tiveron que incrementar e garantir os servizos esenciais habituais e dar resposta en paralelo as problemáticas xurdidas pola pandemia, como foron as distintas situacións de necesidade froito do peche dos centros de día, sociocomunitarios, ocupacionais, escolas infantís, puntos de atención a infancia, ludotecas ou residencias de tempo libre. Os concellos tiveron que reaccionar fronte a nova demanda e seguir mantendo os seus servizos habituais, organizando recursos humanos e materias para non deixar a ninguén no camiño. A excepcionalidade da situación levou a unha reconfiguración das prestacións habituais para poder dar resposta ao aumento da demanda e ás novas circunstancias.

En abril do 2020, a Xunta de Galicia anunciaba un Servizo de Axuda no Fogar extraordinario para dar resposta as situacións de emerxencia durante o tempo da alerta sanitaria provocada polo Covid-19. En concreto se informaba de que se incrementaría as horas mensuais aos concellos para o coidado a domicilio das



persoas con necesidades asistenciais, e unha maior aportación económica ao mesmo. Asemade a administración autonómica comprometeuse a asumir o copago das persoas usuarias da dependencia no SAF ordinario. Con posterioridade no mes de novembro a Xunta de Galicia anuncia a retirada deste servizo extraordinario ás persoas usuarias dependentes que por mor da situación epidemiolóxica estaban a percibir.

A presión sobre os servizos sociais municipais foi e está a ser xeneralizada. Un dos maiores gastos locais para a maioría dos concellos galegos é o custe que supón o SAF pola ausencia de actualización da cota que a Xunta debe aportar a este servizo público esencial para a cidadanía. Polo tanto considérase urxente que o Goberno da Xunta de Galicia asuma o copago do total das persoas usuarias do SAF ordinario en Galicia neste contexto de crise sanitaria; así como incrementar a portación que fai a administración autonómica.

Dado que as administracións locais non foron quen de recibir ningún fondo extraordinario para enfrontar a pandemia e que cada concello fixo fronte aos seus sobrecustos en función da súa musculatura económica e organizativa, e dado os prexuízos que esta situación extraordinaria está a provocar nas arcas municipais, e polo que instamos ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- 1. O Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en base as competencias en servizos sociais que corresponden a administración autonómica, insta a Xunta de Galicia a incrementar as achegas para cubrir os custes do Servizo de Axuda no Fogar ordinario, así como que se proceda a eliminación do copago das persoas usuarias, que será asumido pola Administración Autonómica.*
- 2. Que a Xunta de Galicia incremente o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar que é da súa competencia e que xestionan os concellos, que permanece conxelado dende o ano 2012, de xeito que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se preste este servizo público esencial coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para as profesionais que desenvolven este servizo.*
- 3. Dar traslado do acordo aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.”*

Sra. Tourón Domínguez: Traemos esta moción que xa ven incluída na orde do día, creo que vamos a estar de acordo en que o prezo que paga a Xunta non está actualizado dende o ano 2012 o que fai que os Concellos teñamos que ir asumindo máis custe. Como ben di a moción esta prestación do servizo no fogar é un servizo básico a persoas no seu domicilio, tanto para facilitar o seu desenvolvemento e sobre todo para que poidan permanecer no seu medio habitual. A Xunta leva dende o 2012



pagado o mesmo polo servizo de axuda no fogar, os custos para a empresa aumentan e este ano no Concello de Salceda xa pasamos a pagar a hora a 16,51€ e posteriormente coa licitación, este prezo aínda aumente. A Xunta aporta deste custe 9,70€, o usuario paga unha parte dependendo da súa renda e o resto ata o custe total da hora é pagado, é asumido polo Concello. Creo que todas as persoas que formamos parte desta Corporación sabemos o que supón este servizo no orzamento municipal, máis aínda neste tempo de pandemia, sobre todo porque o Concello tivo que asumir moitos outros derivados de servizos sociais, prestados á veciñanza e como di a moción, os Concellos non recibimos ningún fondo extraordinario, cousa que a Xunta si recibe máis financiamento nesta época de pandemia, co cal instamos a Xunta a que se actualicen os prezos deste servizo.

Sra. Pérez Cabaleiro: Boas noites a todos os compañeiros e especialmente a todos os veciños que nos seguen a través de diversas canles telemáticas. A moción que traen hoxe aquí sobre o servizo de axuda no fogar, SAF, é unha prestación dos servizos sociais con atención a persoas no propio domicilio, facilitando así o seu desenvolvemento, mellorando a súa calidade de vida, potenciando a súa autonomía, previndo a situación de exclusión social, en definitiva, un gran servizo especialmente para os nosos maiores e sobre todo na actualidade, que coa situación de pandemia mundial na que nos atopamos son especialmente vulnerables. Esta moción é sorprendente, sinceramente non sei se pretenden en algún momento dar datos que reais ante os veciños, por iso vamos a poñer a todos en cuestión sobre o significa o servizo de axuda no fogar no Concello. Como todos sabemos, todos os anos este Concello renuncia a horas do servizo de axuda no fogar e isto é moi importante recalco para que todos os veciños saiban que todos os anos este Concello renuncia a horas do SAF que lle outorga a Xunta de Galicia, é dicir, o SAF como todos sabemos, funciona a través da Lei de Dependencia, en moitos casos a Xunta outórgalle horas a este Concello o cal, como dixen, renuncia a elas, polo que cando comunica a un usuario ou a unha persoa esta dependencia e cando hai horas sen usar este usuario permanece na lista de espera e en moitos casos ten que asumir o custe total do servizo. Como o ben dixeches, o prezo hora ata xaneiro era de 14,30€ e dende xaneiro 16,51€, a aportación da Xunta é de 9,70€ e o resto asúmeo o Concello e o usuario, e dicir, na actualidade 6,81€, en porcentaxes aproximadas 71,5 % Xunta, 16,14% Concello e 12,36% usuario. O sorprendente aquí e que tanto falan de asumir o gasto, da importancia do servizo de axuda ao fogar o cal é importantísimo, niso todos estamos de acordo, sen embargo nun ano tan extraordinario e especial como o 2020 dende abril a decembro de 2020 estiveron sen pagarlle á empresa que presta o servizo de axuda ao fogar, é dicir, a SOCISER, máis de 300.000€ que tivestes que presentar aquí no anterior recoñecemento extraxudicial. Vós o Concello, recibides o diñeiro da Xunta de Galicia para este servizo trimestralmente e os usuarios tamén pagan a súa parte sen embargo vós, o Concello, non lle pagastes a empresa, é dicir, que a empresa traballou sen cobrar durante moitos meses e nos meses máis duros da pandemia e o máis importante, porqué renunciades a horas que vos outorga a Xunta de Galicia? Como é posible que isto se de? En que consiste o voso gasto social?



Por suposto os seis concelleiros do Partido Popular cando haxa que instar a todas e cada unha das administracións que haxa que instar para traer melloras para Salceda nós vamos a estar a favor, sexa da cor política que sexa esa administración porque ese é o deber de todos os compañeiros da Corporación, os trece deberíamos estar de acordo nisto, en defender o ben común para a todos e todas os salcedenses, con altura de miras e por riba de cores políticas, pero o máis importante é que vostedes como goberno tamén fagan os seus deberes. Primeiro, pagando en tempo e forma a empresa que non é o caso, e sobre todo, en segundo lugar e moi importante, que estiveses sen sacar durante meses a licitación do servizo, deixando desamparados aos traballadores. Nós, obviamente, estamos a favor de instar a todas e cada unha das administración para traer melloras para os veciños e veciñas de Salceda, para mellorar o noso pobo e sobre todo, neste caso, para mellorar este servizo, por iso nós estamos a favor pero o que está claro e que o Concello non esta á altura das necesidades das persoas dependentes.

Sr. Rodríguez Canosa: O voto do noso grupo vai ser a favor, por toda a importancia que ten o SAF, un servizo fundamental e sobre todo que se viu moi agravado na época do COVID, fundamental sobre todo no rural, que fai que mellore a calidade da vida das persoas e principalmente das mulleres, que historicamente son as que se teñen que encargar do coidado. Respecto ao que dixo Ana Cristina, que porqué rexeitamos horas, fai uns meses, seis meses, houbo un debate no pleno de outubro de 2020, no ordinario, cando se debateu a licitación do SAF, creo que se debateu bastante naquel momento sobre porqué se rexeitaban horas, o regalo envelenado que lle soemos chamar, que nos fai a Xunta ao final de ano cando lle entrega horas aos Concellos e que os Concellos, case sempre pasou así, case sempre se colleron esas horas, pero claro, esas facturas van a REC e o Partido Popular vota en contra.

Falando de REC e de pagarlle ás empresas, antes votastes en contra de pagarlle a empresa que fai o servizo do SAF, evidentemente falades unha cousa e os actos son outros. Creemos que a Xunta debemos aumentar a prezo da hora que aporta para o SAF, neste novo contrato a hora e de 18,71€ e a Xunta vai a aportar 9,70€, igual que dende o 2012, cando o SAF rondaba sobre 12-13€, daquela, digamos que o prezo que tiñan que pagar o Concello e o usuario era de 3€, agora e xa case de 10€ o prezo que teñen que pagar, sen subir o prezo que aportan é moi fácil regalar horas e darnos bolsas de horas, ao final realmente a quen lle afecta é ao Concello e o peor de todo é o usuario, por iso tamén se pide que elimine ese copago.

Sra. Tourón Domínguez: Pregunta porqué rexeitamos as horas. Primeiro debería informarse, porque non todos os anos renunciemos a elas, nin levamos sistematicamente renunciando a elas todos os anos, co cal a información tamén hai que dala correcta. En canto a porqué renunciemos, me encantan estes convites da Xunta de eu te convido pero pagas ti, isto é o típico da Xunta, regala, convida, douvos máis horas pero eu non subo nada. Eu non admito un incremento do prezo dende hai



nove anos, pero che regalo máis horas para que o Concello siga asumindo máis custes. Eu non sei si é moi difícil de explicar, non é moi difícil de explicar o Concello non pode seguir asumindo sistematicamente todos os custes da Xunta de Galicia, porque a min me parece moi ben que vostede fale de porcentaxes, é unha competencia autonómica, estamos asumindo parte dunha competencia autonómica, entón non nos venda que a Xunta está aportando máis co Concello, faltaría máis, e máis co usuario, faltaría máis.

A propia moción o di, resulta que en abril nesta etapa tan extraordinaria, a Xunta de Galicia anuncia o servizo de axuda no fogar extraordinario pero resulta que despois, xa debeu acabar a pandemia, que no mes de novembro o retira. Pois ben, igual a Xunta tampouco considera que sexa moi importante, a época de pandemia na que estamos igual pensa que neste ano e dende novembro a xente xa non está a sufrir estas necesidades. En canto a pagarlle á empresa, que vostedes apoiaban pagarlle empresa e que nós tiñamos a empresa sen cobrar, como apoiaban vostedes que a empresa cobrara, votando en contra dun orzamento que incrementabamos o gasto social de 600.000€ a 1.400.000€ onde a maior partida era para o gasto de axuda no fogar? Votando en contra diso apoiaban que a empresa de axuda no fogar cobrase? Ou votando en contra do recoñecemento extraxudicial de crédito, no que unha gran parte era de axuda no fogar? En iso apoiaban para pagar. Eu creo que hai que ser conscientes do que se está facendo, e me alegro un montón de que o Partido Popular apoie e inste tamén a calquera administración, eu sempre defendín iso, e o Partido Socialista acaba de apoiar unha moción no que tamén estaba a Confederación Hidrográfica e no que nós tamén lle reclamabamos ao noso partido. Eu creo que é o máis sensato e o Partido Socialista lévao facendo sempre, agora non me veñades a dicir porqué non collemos unhas horas, claro que nos gustaría coller esas horas e triplicalas se fai falta, o que non pode ser é pola Xunta manter un servizo autonómico ao prezo do 2012. Creo que niso non fai falta facer moitos números nin facer moitas contas, para saber que non é posible manter o mesmo servizo no ano 2021 co prezo do 2012.

Sra. Pérez Cabaleiro: Cando dicía, o de poñer en cuestión con datos aos veciños baseábame en que por exemplo Álex dixo que lles pertencía aos usuario 10€ cando en realidade son 6,1€. Recalco, sempre hai que basearse nos datos e neste caso tamén nas porcentaxes de 71% Xunta, Concello 16% e usuario 12%. Por suposto Verónica é unha competencia delegada e compartida cos Concellos non é única e exclusiva. E en canto a empresa, a débeda, nós o que apoiamos é que se pague en tempo e forma e como ti ben dixeches aquí, a Xunta pagou trimestralmente ao igual que os usuarios por ese servizo e vós non lle pagastes a empresa ata que se aprobou o recoñecemento extraxudicial. Non ten nada que ver unha cousa con outra, dende abril a decembro de 2020 unha empresa traballou sen cobrar por prestar os servizos, cando vos si cobrabades por parte da Xunta e por parte dos usuarios.

En canto a instar a todas as administracións, neste caso deberíades instar tamén á



Deputación de Pontevedra, neste caso, polo servizo por libre concorrència, debido a que a asignación sempre é a mesma, porque non se lle solicita tamén a súa achega, o incremento desta achega? En último lugar, en canto a instar a outras administracións, recordo aquí que tamén se votou en contra doutras mocións como que o Goberno central nos devolvase o IVE. Nada máis que dicir, está completamente claro o noso voto a favor desta moción para defender e instar a todas as administracións que sexan posibles para defender as melloras nos servizos da axuda no fogar para os nosos maiores no Concello de Salceda e o que está claro, repito, é que este Concello evidentemente non está a altura das necesidades das persoas dependentes.

Sra. Tourón Domínguez: Simplemente dicir que a Deputación de Pontevedra abriu en época de pandemia axudas extraordinarias para os Concellos para axudas sociais, alimentos e distintas cousas, cousa que a Xunta de Galicia recibiu fondos do Estado nun importe considerable e non explica a ninguén en que os gasta, nin e que non os gasta. Só sei que dos fondos extraordinarios para axuda para a COVID non recibimos un euro.

Sra. Pérez Cabaleiro: Neste caso estamos falando de instar á Deputación de Pontevedra para incrementar a achega, tal e como se lle fai á Xunta de Galicia. A Deputación de Pontevedra aportación ao servizo de axuda no fogar, en canto a axudas creo que quedou bastante claro quen axudou durante toda a pandemia con axudas a hostalería, ao comercio, ao turismo por parte da Xunta de Galicia o cal a Deputación de Pontevedra é unha das poucas na Comunidade Autónoma que non se sumou, que non está traballando, por exemplo, coas axudas de turismo, como así fan outras Deputacións indistintamente da cor política que representan. Creo que neste caso estamos falando da axuda ao fogar e non de outras áreas doutras administracións.

Sra. Alcadesa: Si de un orzamento de 6.000.000€ gastar 1.000.000€ no servizo de axuda no fogar é non estar a altura segundo o que dis Ana Cristina, eu creo que quen non está a altura son os teus datos. Vamos a proceder a votación porque este punto xa o debatemos cando foi a licitación do SAF. Vamos a votar a moción presentada polo Partido Socialista e Movemento Salceda demandando un incremento das achegas da Xunta de Galicia ao servizo de axuda no fogar que presta o Concello.

VOTACION DA MOCIÓN: Sometida a votación a moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros asistentes a esta sesión, adoptándose o seguinte

ACORDO:

1. Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en base as competencias en servizos sociais que corresponden a administración autonómica, insta a Xunta de Galicia a incrementar as achegas para cubrir os custes do Servizo de Axuda no Fogar ordinario, así como que se proceda a eliminación do copago das persoas



usuarias, que será asumido pola Administración Autonómica.

2. Que a Xunta de Galicia incremente o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar que é da súa competencia e que xestionan os concellos, que permanece conxelado dende o ano 2012, de xeito que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se preste este servizo público esencial coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para as profesionais que desenvolven este servizo.
3. Dar traslado do acordo aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Moción do grupo municipal Movemento Salceda sobre a situación no territorio do río Miño transfronteirizo.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura a moción presentada por Movemento Salceda de Partido Socialista, seguinte:

“Dacordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Salceda de Caselas os Grupos Municipais de Movemento Salceda e PSdeG-PSOE desexan someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O territorio do Río Miño Transfronteirizo está inserido no centro da eurorexión Galiza-Norte de Portugal. A súa fronteira é a máis poboada e a máis transitada de toda fronteira ibérica; o 50% total da mobilidade diaria de vehículos de viaxeiros de toda fronteira luso-española dáse nos seis pasos que cruzan o río Miño.

O AECT Río Miño naceu en 2018, como organismo de cooperación no territorio transfronteirizo do río Miño, co obxectivo de reforzar a cohesión económica e social e territorial transfronteiriza, e está constituída 26 concellos: 16 concellos da provincia de Pontevedra 10 cámaras municipais portuguesas, pertencentes á Comunidade Intermunicipal do Alto Minho.

O mantemento das restricións nos pasos fronteirizos está a perxudicar á economía da zona. A principal conclusión do estudo do impacto socioeconómico encargado polo AECT Río Miño á Universidade de Vigo, é que o primeiro confinamento e o peche da fronteira entre Pontevedra e Portugal na primeira vaga da pandemia, entre o 17 de marzo e o 30 de xuño de 2020, provocou unha caída do Produto Interior Bruto de máis de oitenta millóns de euros nos 26 concellos do territorio transfronteirizo do



Miño. A caída derivada do efecto fronteira no comercio foi dun 14,18% sobre o efecto do confinamento, e na hostalaría e restauración foi dun 16,53%. O prexuízo económico do actual peche será aínda moito maior.

O AECT río Minho ten operativo dende hai mes e medio aproximadamente un rexistro de persoas afectadas polo peche da fronteira no que van xa dúas centas persoas a presentar o seu caso. O perfil maioritario das persoas afectadas é de mulleres traballadoras perxudicadas economicamente polos obstáculos á mobilidade e ao tempo de máis para cruzar a fronteira de cara ir ao traballo.

Ao igual que co peche de fronteiras do pasado mes de marzo, os gobernos español e portugués amosan una falta total de coñecemento da realidade deste territorio fronteirizo. Durante ese período, a Ponte Internacional de Tui-Valença. É completamente incomprendible non ter en conta esta realidade, escollendo unha medida que potencia o efecto funil' nun único punto de paso (Valença-Tui as 24 horas) e, en consecuencia:

quilómetros de caravanas para atravesar a fronteira, perdas de tempo innecesarias e, unha vez máis vez, a introducción dun inexplicable obstáculo a unha poboación de fronteira que xa non sente a fronteira, máis ben cidadáns dunha Europa sen fronteiras.

O prexuízo económico que se está a causar a poboación transfronteiriza carece de xustificación na protección contra os contaxios, xa que existen restricións nos concellos de ambos países que fan totalmente absurda a medida de restrinxir a mobilidade transfronteiriza. O mal xa esta causado e cumpre reparalo por parte dos responsábeis arbitrando medidas de recuperación de inmediato.

Por todo isto, os Grupos Municipais de Movemento Salceda e PSdeG-PSOE propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal de Salceda de Caselas a adopción do seguinte acordo:

1) Esixir das autoridades estatais, rexionais e autonómicas dos estados español e portugués medidas de compensación polo prexuízo económico derivado da restricción absurda da mobilidade nos pasos fronteirizos do territorio do río Miño durante os dous estados de alarma, impulsando medidas dirixidas especificamente á recuperación socio económica da fronteira do río Miño. Considerando que está en perigo un dos grandes piares da Unión Europea: Europa sen fronteiras, ditas medidas deben ser financiadas por partidas orzamentarias específicas, procedentes do Plan europeo de recuperación Pos-COVID (NEXT EU), así como do Marco Financeiro Europeo 2021-2027.

2) Esixir a integración inmediata dos traballadores transfronteirizos como beneficiarios dos mecanismos socioeconómicos aprobados polos gobernos de Portugal e España para afrontar o impacto da pandemia causada polo COVID-19 e

que as empresas prexudicadas polos peches fronteirizos sexan igualmente elixibles nos seus propios mecanismos de recuperación.

3) Trasladar aos gobernos español e portugués o malestar desta corporación municipal por fechar as fronteiras, por segunda vez, sen dialogo cos municipios afectados e tendo en conta que esta medida non ten ningunha xustificación desde o punto de vista sanitario estando os concellos perimetrados.

4) Solicitar das autoridades estatais e rexionais/autonómicas de ambos estados que cando tomen decisións que afecten aos veciños e veciñas teñan en conta prioritariamente a opinión das autoridades locais, todas vez que son as que mellor coñecen a realidade socioeconómica da fronteira común e as máis preparadas para xestionar tanto situacións de emerxencia como as que estamos a vivir como de orientar medidas coordinadas de recuperación.

5) Reclamar diante dos gobernos de Portugal e España, así como diante do Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia a creación dunha tarxeta cidadá transfronteiriza que poida ser esencial para a convivencia social e para a economía destas rexións fronteirizas.

6) Esixir a posta en marcha dun Investimento Territorial Integrado de carácter Transfronteirizo (ITI) concertada entre ambos países e dotada financeiramente con cargo a fondos europeos do Marco Comunitario reforzado 2021-2027, de xeito que as rexións fronteirizas sexan compensadas por este segundo e grave golpe socioeconómico.

7) Dar traslado do presente acordo aos presidentes dos gobernos portugués e español, presidente da Xunta de Galicia e da Comissao de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte, comisaria europea de cohesión, presidenta da Comisión Europea, presidente do Comité das Rexións, Grupos parlamentarios europeos, do Congreso e Senado español e da Assembleia da República Portuguesa.”

Sra. Alcadesa: Logo de dar lectura a esta extensa moción e que temos o compromiso dende a ACTE, dos 26 Concellos e Cámaras que formamos a ACTE, de traela a sesión plenaria, concellos de diferentes cores políticas, tiñamos o compromiso, creo que o visualizastes en moitas ocasións as diferentes reivindicacións, manifestacións que realizamos os Alcaldes e Alcaldesas da raia para que abran as fronteiras de xeito inmediato, porque non entendemos a fronteira como unha limitación senón como unha expansión do territorio tanto cultural, incluso como económico e social. Víamos estes días en prensa os problemas que hai coas enfermeiras que prestan os seus servizos no centro de saúde de A Garda, que tiñan que dar a volta completa e esperar en Tui, agardar unhas colas quilométricas, levantarse dúas horas antes para chegar ao seu posto de traballo en A Garda. Víamos tamén o exemplo dos nenos de Tomiño que van ao colexio a Vilanova de Cerveira e que tamén tiñan a ponte de Goián



pechada. As veces as decisión se toman sen coñecemento do territorio. sen consultar cos que estamos a pe de campo, que seria moito máis sinxelo simplemente porque son medidas moi singulares, moi chamativas, moi mediáticas pero que manifestan un descoñecemento absoluto do territorio. A nosa reivindicación sempre foi a apertura de fronteiras pero xa neste segundo se entendeu que ademais de solicitar a apertura de fronteiras, tivera unha compensación económica, porque esta sufrindo, o territorio está sufrindo socialmente, culturalmente e sobre todo economicamente. Por iso traemos esta moción, era o noso compromiso ademais dos 26 Concellos somos o primeiro que a traemos a pleno.

Traemos esta moción para que a Corporación vote a favor dela e o que máis nos importa, si desas 200 persoas rexistradas en mes e medio máis de quince son de Salceda, creo que defendemos non só os nosos veciños e veciñas senón os de todo o territorio que están sufrindo este acto mediático que non ten ningún sentido á hora de protexernos contra a COVID, cando como ben di a moción os Concellos xa están controlados e perimetrado. É unha cuestión de abrir fronteiras e de por máis controles nela que é o que se debería facer, pero supoño que por custes ou simplemente por unha protección mediática entre ambos os países optou por unha decisión coa que os Alcaldes e Alcaldesas non estamos de acordo.

Sr. Rodríguez Davila: Logo de escoitar a intervención da Sra. Alcaldesa pouco máis que engadir, aquí directamente hai persoas afectadas, a economía loxicamente tamén se ve resentida e polo tanto está en xogo o posto de traballo e sobre todo a creación de máis e mellor intercambio económico nun lado de doutro do río Miño, e polo tanto iso afecta, en consecuencia e definitivamente, na calidade de vida dos veciños dun lado e do outro da raía. Polo tanto, o noso voto vai ser a favor. O que si botamos de menos nesta cuestión igual que moitas outras que a Sra. Alcaldesa, vostede, non xogue o papel que debe xogar como Presidenta desta Corporación, compartindo con todos os grupos e en especial con este grupo da oposición maioritario da Corporación en asuntos tan importantes como era ese, de dar traslado dos acordos das reunións, etc.. en tempo e forma. Sempre nos temos que enterar a rebufo e só cando veñen cuestións ao pleno, como isto en outras moitas ocasións. Vostede é unha persoa que lle gusta quedar ben, pero despois de practicar o que debería practicar, que é unir a toda a Corporación en cousas comúns que nos afectan a todos, intentar mediar, intentar liderar, pois vemos que vai por libre, como o fixeron na moción anterior e noutras que trouxeron a este pleno, intentando ou pretendendo retractar a este grupo a ver si o pillan ao despiste, a ver se votan en contra ou se se absteñen, para logo dicir que estamos en contra de todo, que non apoiamos nada, é dicir, a retórica de sempre, non Sra. Alcaldesa? Nós somos consecuentes e somos coherentes coa nosa votación sempre en todas as decisións, poderemos acertar ou equivocarnos pero lle aseguro que este grupo dende que eu son membro del sempre tratamos de ser coherentes coas nosas votacións e nos mantemos firmes nas votacións dende fai moitos anos en moitos asuntos que son reiterados, e na reiteración e onde se miran as persoas que son coherentes, mantendo o sentido do voto. Lle pido, que en temas



tan importantes como este, compartan con este grupo a información e o posicionamento, porque seguramente poderíase facer máis si vostede liderara esta Corporación como nos merecemos e como se merecen os salcedenses. Xa digo, en defensa do interese xeral dos salcedenses, neste caso tan importante como a mobilidade para poder ir a traballar ou para poder intercambiar mercadorías co país veciño e amigo de Portugal.

Sra. Tourón Domínguez: Pouco que engadir. A verdade é que as sinerxias que hai entre o Norte de Portugal sobre todo e o noso Concello e os Concellos limítrofes debemos poder seguir aproveitándoas. Efectivamente este peche estaba afectando maioritariamente a mulleres que traballaban en Portugal e que con iso vía tamén afectado o seu tempo de conciliación, a parte que como dicía a Alcaldesa, os nenos e nenas que de Concellos como o de Tomiño van a Portugal e para calquera outra actividade económica. Nós por suposto creemos que esta moción ten toda a cabida neste pleno e comoica Alcaldesa ten o apoio de Alcaldes e Alcaldesas de corporacións de toda a raia, o noso voto vai a ser a favor.

Sra. Alcaldesa: No fondo estamos de acordo, defendemos os intereses non só dos nosos veciños senón do territorio, coñecemos, sabemos cal é a realidade e tamén temos claro que isto non ten sentido. Antes me chegaba un comunicado da ACTE que parece ser que o 1 de maio abren as fronteiras, por fin, polo tanto un pasiño, agora queda outra parte que dende logo vamos a seguir reivindicando que é ese apoio económico, esa compensación económica por todos estes días de peche e o que supuxo para un lado e para outro do Miño, polo tanto procedemos a votación desta moción.

VOTACION DA MOCIÓN: Sometida a votación da moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros asistentes a esta sesión, adoptándose o seguinte

ACORDO:

1) Esixir das autoridades estatais, rexionais e autonómicas dos estados español e portugués medidas de compensación polo prexuízo económico derivado da restrición absurda da mobilidade nos pasos fronteirizos do territorio do río Miño durante os dous estados de alarma, impulsando medidas dirixidas especificamente á recuperación socio económica da fronteira do río Miño. Considerando que está en perigo un dos grandes piares da Unión Europea: Europa sen fronteiras, ditas medidas deben ser financiadas por partidas orzamentarias específicas, procedentes do Plan europeo de recuperación Pos-COVID (NEXT EU), así como do Marco Financeiro Europeo 2021-2027.

2) Esixir a integración inmediata dos traballadores transfronteirizos como beneficiarios dos mecanismos socioeconómicos aprobados polos gobernos de



Portugal e España para afrontar o impacto da pandemia causada polo COVID-19 e que as empresas prexudicadas polos pechos fronteirizos sexan igualmente elixibles nos seus propios mecanismos de recuperación.

3) Trasladar aos gobernos español e portugués o malestar desta corporación municipal por fechar as fronteiras, por segunda vez, sen dialogo cos municipios afectados e tendo en conta que esta medida non ten ningunha xustificación desde o punto de vista sanitario estando os concellos perimetrados.

4) Solicitar das autoridades estatais e rexionais/autonómicas de ambos estados que cando tomen decisións que afecten aos veciños e veciñas teñan en conta prioritariamente a opinión das autoridades locais, todas vez que son as que mellor coñecen a realidade socioeconómica da fronteira común e as máis preparadas para xestionar tanto situacións de emerxencia como as que estamos a vivir como de orientar medidas coordinadas de recuperación.

5) Reclamar diante dos gobernos de Portugal e España, así como diante do Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia a creación dunha tarxeta cidadá transfronteiriza que poida ser esencial para a convivencia social e para a economía destas rexións fronteirizas.

6) Esixir a posta en marcha dun Investimento Territorial Integrado de carácter Transfronteirizo (ITI) concertada entre ambos países e dotada financeiramente con cargo a fondos europeos do Marco Comunitario reforzado 2021-2027, de xeito que as rexións fronteirizas sexan compensadas por este segundo e grave golpe socioeconómico.

7) Dar traslado do presente acordo aos presidentes dos gobernos portugués e español, presidente da Xunta de Galicia e da Comissao de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte, comisaria europea de cohesión, presidenta da Comisión Europea, presidente do Comité das Rexións, Grupos parlamentarios europeos, do Congreso e Senado español e da Assembleia da República Portuguesa.

Moción do grupo do PP sobre o IVTM

Sra. Alcaldesa. Moción presentada polo Partido Popular, Primitivo González, sobre a modificación da Ordenanza reguladora do IVTM para contemplar unha bonificación para os titulares de vehículos híbridos, eléctricos ou de emisión limitada de CO₂, se vos parece votamos a súa urxencia e logo procedemos ao seu debate.

VOTACION URXENCIA DA MOCIÓN: Sometida a urxencia da moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros asistentes a esta sesión,



pasándose polo tanto a tratar a moción.

Sr. González Souto: o Partido Popular trae a pleno a seguinte moción, seguinte:

“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IVTM PARA CONTEMPLAR UNHA BONIFICACIÓN PARA OS TITULARES DE VEHÍCULOS HÍBRIDOS, ELÉCTRICOS OU DE EMISIÓN LIMITADA DE CO2.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo municipal de carácter directo que grava a titularidade dos vehículos de tracción mecánica nos términos establecidos nos artigos 92 a 99 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e nos establecidos nas ordenanzas de conformidade con aquél.

De conformidade co disposto na normativa indicada, as ordenanzas fiscais poderán regular potestativamente, sobre a cuota do imposto, as seguintes bonificacións (art.95.6):

a) Unha bonificación de ata o 75 por cento en función da clase de carburante que consume o vehículo, en razón da incidencia da combustión de dito carburante no medio ambiente.

b) Unha bonificación de ata o 75 por cento en función das características dos motores dos vehículos e a súa incidencia no medio ambiente.

A actual ordenanza municipal do Concello de Salceda de Casetas non regula unha bonificación, que minore a cota do imposto en virtude da incidencia da combustión ou ausencia de combustión no Medio Ambiente.

*O pasado mes de novembro o Concello de Salceda de Casetas mediante acordo plenario aprobou por unanimidade o **"Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible"** (PACES) que pretende a implantación dun modelo enerxético máis sostible.*

Na liña deste grupo de seguir aportando ideas, como se fixo na aprobación plenaria do PACES, e apostando polo compromiso das Administracións Públicas co Medio Ambiente entendemos que é preciso non demorar máis nas actuacións, e que o documento non quede simplemente nunha declaración de intencións. Debe existir dilixencia e compromiso claro por parte do Concello na implantación de medidas que axuden na diminución de emisións de CO2 a atmósfera.



Polo tanto, tal como se recolle no apartado “4.5.2 Vehículos eléctricos” estimamos que se debe proceder sen máis demora á modificación da ordenanza fiscal correspondente para así bonificar aos titulares do imposto de vehículos de tracción mecánica.

A incidencia negativa na recadación, a noso criterio asumible, compensarase de xeito exponencial co efecto de retorno medioambiental da medida adoptada, ademais de cumprir cos compromisos adquiridos polos grupos políticos na aprobación de dito plan.

Xa son moitos os Concellos que si contemplan estas reducións impositivas para vehículos sempre e cando se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diésel o eléctrico-gas), que se trate de vehículos de motor eléctrica e/ou emisións nulas ou que sexan vehículos con un grado de emisión de carbono CO2 inferior a 100 gr/Km. Como exemplo, o Concello de Vigo

Por todo o exposto, o grupo municipal do Partido Popular presenta ao Pleno da Corporación para debate e aprobación, se procede, a **adopción do seguintes acordo:**

1.- Que se inste a elaborar o informe técnico pertinente que permitan modificar a ordenanza que regula o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica deste Concello na liña de bonificar e así minorar a cuota do imposto para aqueles titulares de vehículos, eléctricos, híbridos ou de emisións inferiores a 100 gr/Km debidamente homologados e acreditados, todo elo, no marco do establecido no artigo 95.6 da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2.- Que se comunique dito informe aos grupos municipais da corporación para o seu coñecemento.

3.- Que se acorde entre os distintos grupos as porcentaxes de redución a aplicar en virtude dos distintos tipos de vehículos susceptibles da devandita bonificación dentro dos límites que ofrece a normativa reguladora.

4.- Que o procedemento se realice coa antelación suficiente para que poida entrar en vigor no vindeiro exercicio fiscal.”

Sr. González Souto: Traemos aquí ao pleno unha proposta para unha bonificación para o imposto de rodaxe do vehículos eléctricos, híbridos e de baixas emisión, , aínda que vostedes son máis ben de gravar que de bonificar, creemos que será a medida proposta ben recibida por vostedes. Non quero perder a oportunidade que me da esta moción para poder falar do PACES, Plan de acción sobre o clima e enerxía sostible, o documento PACES, o documento marco que contempla as medidas a nivel do Concello para redución das emisión do CO2 e medidas contra co cambio climático,



un documento polo que os salcedenses pagaron 725.000€ e que ten o nivel dun traballo feito por un rapaz de bacharelato, 31 páxinas, 725.000€, un gol que lle meteron a vostedes pero que van a pagar os veciños. Convido a todos os veciños, aos que nos están escoitando e aos que non, que o soliciten, consultar o PACES para que comprobemos de primeira ma o que estou dicindo aquí é que non esteu esaxerando, é que é a realidade. O contido, a súa redacción e a aportación de medidas na loita contra o cambio climático, un documento que ten que ser un documento marco corresponde a un nivel dun traballo de primeiro de bacharelato. Aproveito para dicir que poden pedírnolo a nós, ao noso grupo que estaremos encantados de ensinarllo.

Retomando a moción, xa na aprobación do PACES buscamos aportar medidas a un documento que en si considerábase limitado no seu contido. Aprobouse en novembro e dende entón non se trouxo, que me conste, a este pleno ningunha medida, ningunha iniciativa por parte do goberno para incentivar a redución de emisión de efecto invernadoiro, ogallá que este grupo ao levar esta iniciativa de bonificar aos vehículos eléctricos lle sirva de revulsivo e esperten do seu letargo e no próximo pleno nos sorprendan cunha batería de medidas en beneficio do medio ambiente, sería bo para todos. No texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 95.6 contempla a posibilidade desta bonificación, tal como xa lle dixem, dependendo da enerxía coa que se desprace o vehículo e o seu nivel de emisións, isto é o que nós lle propomos, tan simple como traspasar estas directrices contempladas no artigo 95.6 á Ordenanza municipal coma folla de ruta que lle plantexamos tal cal nesta moción. Por suposto que se quere modificar ou aportar o que estimen oportuno a proposta que este grupo lles presenta, estamos para escoitalos.

Sra. Pereira González: Nesta cuarta moción creo que tampouco vai a haber problema e que se aprobará, efectivamente despois de aprobar o PACES e seguindo esas directrices. Como ben dis é responsabilidade e é obriga das persoas que estamos ao fronte das administracións públicas fomentar e coidar o medio ambiente, e seguindo esas liñas espero sorprenderte e o expediente xa está aberto. O expediente de modificación da Ordenanza é o expediente 2843/2020 e o abrimos a finais do mes de decembro, a finais de ano, e nel xa cargamos a proposta de ordenanza. Ben é certo que en intervención sempre xorden asuntos que teñen máis prioridade que iso e xa sabíamos que non ía entrar en vigor para este ano 2021, porque estábamos en decembro e se foi quedando. Estamos de acordo no fondo, non sei exactamente no contido, che vou a explicar o que tiñamos en mente, por se coincide un pouco co que vos solicitabades. Seguindo un pouco as directrices do ORAL, que nos ten pedido aos Concellos que no momento que vaíamos modificando ordenanzas que non nos cingamos só a facer a modificación do punto que se modifica, senón que fagamos reformulación da ordenanza que se modifica, completa. É un problema que vamos tendo todos os Concellos, temos ordenanzas antigas, imos facendo modificacións e nos quedan soltas as modificacións, entón dende o ORAL nos deron aos Concellos unhas ordenanzas tipo e a partir de aí cada Concello evidentemente que aplique as



bonificacións que considere, que estime oportunas e nesa liña estábamos traballando.

A nosa intención á hora de facer as bonificacións era, partindo do distintivo ambiental que se pon ao coche, eco, Cero e entendemos que non se pode bonificar do mesmo xeito un distintivo eco que un distintivo Cero, porque o nivel de contaminación non é o mesmo. A proposta que tiñamos, e xa digo que non está informada, a idea era de ata un 75% que é o que marca os de etiqueta ambiental Cero e unha bonificación tamén do 75 pero reducida no tempo, pois o primeiro ano de matriculación ou dos primeiros anos para etiqueta ECO, pois calquera coche que se compre ten a etiqueta ambiental ECO e o nivel de contaminación evidentemente é distinto. Por aí van os tiros, se vos parece continuamos co expediente, informámolo e vos damos traslado e senón se queredes cinguímonos ao que traedes a aquí e informámolo deste xeito. Si é certo que tamén habería que facer unha previsión de que impacto económico pode ter, pero entendemos que non é esaxerado o impacto negativo que poida ter, ogallá o fora porque isto significaría que a adquisición de vehículos eléctricos está en auxe, pero o certo é que é limitado. Por aí vai a liña de traballo tiñamos enfocada.

Sr. Coto González: Como explicou a compañeira Lucía, si que é verdade que o informe que estades pedindo que se elabore xa está en estudio no departamento correspondente. Sobre as medidas a tomar no desenrolo do PACES, dicirche a ti e os veciños que en novembro, cando trouxemos a pleno o Pacto de Alcaldes, o que aprobábase ese día era a subvención que nos outorgaba a Xunta que tiñamos dende o momento que nos adherimos ao Pacto das Alcaldías, dous anos para poder desenrolar un documento vivo que ven sendo este Plan de acción contra o clima e enerxía sostible, polo tanto tiñamos ata febreiro deste ano. Calquera veciño ou persoa do goberno ou da oposición pode entrar na páxina do Pacto de Alcaldía que é onde está desenrolado, realmente é público e pode visítalo calquera alí e pode míralo e xa miraría como xa pasou de 31 a 79 páxinas, xa ten un estudo moito máis profundo dos riscos que tan a zona onde nos vivimos e unha serie de medidas que vamos a desenrolar, nas cales está a redución do imposto, bonificacións e algunhas outras áreas que xa están tomadas decisións como proxectos de peonalización ou algunhas outras liñas marcadas que se van a desenrolar no ano no que estamos. Polo tanto é fácil coller a información, aínda que ao mellor falta información de dicir onde está, non che digo que no.

Sr. González Souto: Está claro que hai pouca información entre o goberno e a oposición, alégrome que haxan iniciado ese expediente, pero resulta que todo o que propomos está iniciado, pero nós alegrámonos porque é beneficioso. Está claro Lucía que podemos chegar a un acordo e de feito aquí xa comentaba de valorar entre todos a posible bonificación a acadar, polo tanto deixámolo aberto de certa maneira para que todos votemos a favor, de feito creo Lucía que si estivera na túa man de pactar temas como PXOM posiblemente Salceda tería un PXOM porque es dialogante e creo que se podería chegar a acordos.



Sra. Pereira González: Solo dicirche que non minto, ten un numero está aberto e está cargada dentro a proposta, non está informada pero está a nosa proposta e que tamén houbo petición do BNG para este tipo de iniciativas e estamos de acordo.

VOTACION DA MOCIÓN: Sometida a votación a moción, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **DOCE** membros asistentes a esta sesión, adoptándose o seguinte

ACORDO:

- 1.- Que se inste a elaborar o informe técnico pertinente que permitan modificar a ordenanza que regula o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica deste Concello na liña de bonificar e así minorar a cuota do imposto para aqueles titulares de vehículos, eléctricos, híbridos ou de emisións inferiores a 100 gr/Km debidamente homologados e acreditados, todo elo, no marco do establecido no artigo 95.6 da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- 2.- Que se comunique dito informe aos grupos municipais da corporación para o seu coñecemento.
- 3.- Que se acorde entre os distintos grupos as porcentaxes de redución a aplicar en virtude dos distintos tipos de vehículos susceptibles da devandita bonificación dentro dos límites que ofrece a normativa reguladora.
- 4.- Que o procedemento se realice coa antelación suficiente para que poida entrar en vigor no vindeiro exercicio fiscal.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o núm. 2021-0256 de 22 de febreiro ata o núm.2021-0507 de 24 de abril.

Queda dada conta.

Dación de conta de resolucións de subvencións outorgadas con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.

Queda da da conta.



C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Rogo: REPARACIÓN E ASFALTADO VIAIS DO BARRIO DO OUTEIRO

Sra. Pérez Cabaleiro: Dou lectura ao seguinte rogo:

“Como xa indicamos noutras ocasións, as estradas e viais dalgúns puntos da parroquia de San Xurxo atópanse nun estado lamentábel para a circulación. Non é novo que a situación da estrada do barrio do Outeiro leva anos necesitado melloras considerables e, actualmente, é urxente que se reparen máis en profundidade certos treitos e se asfalte toda a subida desde a estrada provincial. Unha obra máis que necesaria e benéfica para a veciñanza do barrio do Outeiro e toda a veciñanza en xeral que circula por este vial.

Por todo o exposto anteriormente, ROGO,

LEVAR A CABO UNHA OBRA DE REPARACIÓN E ASFALTADO NOS TREITOS DA ESTRADA DO BARRIO DO OUTEIRO (PARROQUIA DE SAN XURXO) -cuxo estado actual mostramos nas imaxes que adjuntamos.”

Sr. González González: Esta petición, que tamén se nos fixo chegar doutra xente do barrio de Outeiro, non é certo o que estás a dicir, Ana Cristina, que en San Xurxo non se leva asfaltado nada iso é mentira. Pódoche enumerar todos os asfaltados que se levan feito en San Xurxo, son moitísimos, incluído un no barrio de Outeiro. No barrio de Outeiro hai dúas subidas, a da marxe de dereita contra Picoña, contra Córdide está asfaltada completamente e agora temos un proxecto para asfaltar a segunda subida ao barrio de Outeiro pola fonte ata o final, onde era o antigo depósito de augas do barrio de Outeiro, proxecto que está valorado xa en 20.000€ aproximadamente, e o que vamos a facer agora, a parte do que se fixo na Mariña no cruce de Bouzavedra-Mariña, pequenas actuacións que se van levando na reparación en onde está máis deteriorado de asfalto, esa parte efectivamente hai baches, vaise facer unhas reparacións sobre todo nesa parte máis estreita que é onde me supoño que son esas fotos.

Sra. Alcaldesa: Esa parte está moi deteriorada e necesita un arranxo, a prioridade ao inicio da lexislatura foi darlle remate ao camiño da procesión, foron aproximadamente 40.000€, na Mariña tamén houbo unha pequena actuación e a do Outeiro do Plan Concellos de 21.600€. Sabemos que a necesidade é moitísima aínda o outro día estabamos con Noelia e a estrada do Loureiro, que ten unha necesidade brutal, coñecémola pero os recursos son limitados, hai que repartilos e somos conscientes de que esta estrada necesita ser mellorada, en todo caso recollemos o rogo e trataremos de atendela tan pronto poidamos ter financiación para realizar esa



obra.

Rogo: PROTOCOLO USO VESTIARIOS E ZONAS DE DUCHA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS CASELAS FC (Campo de A Gándara)

Sra. Pérez Cabaleiro: Dou lectura

“A propia directiva e os xogadores do Caselas FC manifestaron a súa vontade e necesidade de usar os vestiarios e, especialmente, as **zonas de ducha** no campo de A Gándara, medida non autorizada a nivel municipal. As zonas de ducha tamén poden ser utilizadas, e así o marca a guía de medidas preventivas fronte á COVID-19 de aplicación ao Deporte Galego, cumprindo uns protocolos específicos, cunha ocupación de ata o 30% de capacidade máxima permitida, e procedendo á limpeza e desifección despois de cada uso. Ademais deberán realizarse tarefas de ventilación nesta zona durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada. Neste caso, os equipos do mesmo grupo ao que se atopa o Caselas FC si permiten o uso dos vestiarios e zonas de ducha, polo que consideramos importante o diálogo e a cooperación neste asunto entre o representante de deporte municipal e a directiva do equipo ante esta situación, e levar a cabo a elaboración urxente dun protocolo que permita o uso destas zonas coas indicacións que expoñemos.

Por todo o exposto anteriormente, **ROGO, ELABORAR CONXUNTAMENTE UN PROTOCOLO QUE PERMITA O USO DE VESTIARIOS E ZONAS DE DUCHA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CASELAS FC (CAMPO DE A GÁNDARA) RESPETANDO TODAS AS MEDIDAS PREVENTIVAS PARA FACER FRONTE AO RISCO DE CONTAXIO POLA COVID-19.”**

Sr. González Coto: Aclarar que a decisión foi tomada en conxunto dende o primeiro momento pola directiva e o representante de deportes deste Concello, ambas as dúas partes estabamos de acordo en non usar a zona da duchas dos vestiarios polo tanto dende o primeiro momento, dende que iniciaou a competición, sabían que non podían usar as duchas. Despois cando o 18 de marzo cambiaron pola guía simplificada do Deporte Galego as medidas, a decisión seguiu sendo a mesma dende a directiva e o Concelleiro de deporte do Concello para non usar as duchas. Si que é verdade que están utilizando os vestiarios para cambiarse e respectando ese 30%, a decisión tómase sen ánimo nada máis que de precaución en materia sanitaria e para evitar o risco de contaxio por COVID, nada máis, en todo momento se toma a decisión estando de mutuo acordo a directiva e o Concelleiro de deportes, polo que a exposición deste rogo, pon “a directiva e os xogadores” e é a propia directiva a que toma a decisión comigo, entón non entendo moi ben esta exposición.

Sra. Pérez Cabaleiro: A propia directiva son varios na directiva, os xogadores igual que o corpo técnico, é dicir, de 22 xogadores aproximadamente 20, igual que os técnicos



están a favor de que se usen as duchas, é unha medida que nos levan reclamando a nós igual que lle reclamaron aos demais voceiros dos grupos político. Estamos ao tanto de que a reclamación fíxoselles chegar aos tres voceiros tanto a Santi, como a Loli, como a Verónica e eles achegaron a nós unha demanda que consideraron necesaria e urxente, xa que son o único club que non permite o uso das zonas de ducha e nós simplemente o trasladamos, non queremos converter isto en nada político, intentar mellorar a situación que está vivindo deportivamente o club.

Sra. González Coto: A propia directiva e o presidente son os que firman un documento comigo de que están de acordo en non usar esa zona das duchas e dos vestiarios é a propia directiva quen lle expón aos xogadores e os xogadores non son os que mandan no club, é a directiva e réxense por unhas normas que lle marca a directiva, non hai máis discusión. Se o presidente firma un documento no cal estabamos de acordo e estabamos de acordo o Concelleiro de Deportes e a directiva e firma o presidente, sobre que queren coller e non tomar os riscos por materia sanitaria de usar as duchas, non entendo cal é a discusión.

Sra. Alcadesa: É un rogo que aceptamos e co afán de non politizar un tema que o único que pretendemos e buscar solucións, o rogo o que pide é diálogo e colaboración e dende logo este goberno vai ofrecer dialogo e colaboración, co cal se recolle este rogo e nos reuniremos con todas as partes implicadas, directiva, xogadores e corpo técnico, dialogo e colaboración dende o goberno sempre.

Rogo: Mellora entorno aula Picoña

Sra. Pérez Domínguez: O tramo da estrada para acceder á aula unitaria da Picoña do CRA Raiña Aragonta presenta un importante deterioro, así como a zona de docentes, nais e pais empregan para estacionar os seus vehículos, diante da antiga casa do mestre, ambas zonas contan con significativos buracos que se fan máis grandes na zona do aparcadoiro xa que non está asfaltada, consta de terra e as choivas ocasionaron espazos nos que os vehículos se ven danados, polo que diminúe deste xeito a zona de estacionamento, por todo o exposto anteriormente **ROGO:**

Asfaltar e ampliar na medida do posible a tramo de acceso a aula así como o asfaltado da zona do aparcadoiro diante da antiga casa do mestre.

Sr. González González: Este é un tramo moi pequeniño, moi corto, nós incluso en tempos non se consideraba nin era bo nin asfaltar aquilo, sabes que tiramos a parte frontal da escola da marxe dereita da vivenda do Español, tirámola para facer un aparcamentiño con xabre, iso vaise deteriorando co tempo e agora haberá que darlle un xeito a zona.

Rogo: Mellora Loureiro



Sra. Pérez Domínguez: Esta cuestión refírese á obra que empezastes este martes na zona de Loureiro, na baixada da “Poza do Cabalo”, esta estrada viuse afectada e deteriorada sobre todo pola baixa de transporte pesado de madeira que aumentou o seu tránsito a raíz do desafortunado incendio acometido en outubro de 2017, o seu estado xa non era bo máis este infortunio fixo que o asfalto rompese creando así buratos que todos vistes, e tramos de total desgaste, facendo que os veciños da zona se viran afectados pola mesma. Ademais por mor da COVID-19 a necesidade da xente de buscar lugares abertos, lonxe de aglomeracións, fixo que ese tramo vise incrementado o seu tránsito considerablemente sobre todo na fin de semana. Con anterioridade este grupo xa presentou un rogo pedindo o seu asfaltado completo e esta semana acometeuse o asfalto dun tramo de aproximadamente 40 metros, por todo o exposto anteriormente **ROGO:**

Continuar co asfaltado neste tramo aló menos ata a parada de autobús que está tamén moi deteriorada, e rematar o traballo mellorando na medida do posible as entradas das vivendas que se ven afectadas, porque a primeira vivenda onde empezastes non se lle fixo un acceso, abaixo nas que seguistes si.

Sr. González González: Estabamos alí coa empresa que estaba asfaltando, estes pequenos tramos de asfaltados que facemos van con fondos propios do Concellos porque non os metemos en ningunha subvención, para facer o asfaltado completo desa estrada, é un tramo considerable, fai falta un proxecto e metelo nun Plan Concellos que son as únicas subvencións que dan cabida para este tipo de obras. O Plan Concellos da para o que da, 486.000€ de inversión para todo o ano en obras pois dan para o que dan, e non se pode meter todo en asfalto, tamén hai que arranxar o tellado do Torrón, piscinas, etc... polo tanto meterémola en valoración e meterase nun Plan Concellos en canto sexa posible, agora mesmo o que estamos facendo é remendar, asfaltar a todo o ancho os tramos máis deteriorados que era a rampa ao pasar as dúas vivenda.

Si me permites, quería felicitar a un dos Concelleiros da oposición, a Primitivo polo bo ton que tivo hoxe nas súas intervencións, incluso un pouco humorístico, a ver si os teus compañeiros aprenden a desconxestionarse un pouquiño e tómano con un pouquiño máis de sentido de humor como o tomaches ti, douche as gracias.

Sra. Pérez Domínguez: Eu non dicía dende arriba non dicía dende a “Poza do Cabalo” eu dixen que era o tramo que ven dende a “Poza do Cabalo”, si chama a atención que xusto empezarades a asfaltar onde termina a propiedade dun familiar e cun tramo tan pequeno que son 36 metros, ben que o puidestes asfaltar, que ben mirastes que estaba totalmente desastroso, penso que por 30 m máis ou menos de asfaltado tampouco era a grande perda, si que lle chamou a atención a xente.

Sra. Alcaldesa: Xa che explicamos que aquilo necesita un proxecto integral de arriba



abaixo e ben viches o fresado que chegaba a onde chegaba. É certo que a veces fas as cousas sen ningunha mala intención, recoñecemos que esa estrada necesita un tratamento integral de arriba abaixo e reparouse aquela zona máis danada que ademais non solo polas choivas, senón polo paso do rally, é unha zona que sufriu bastante e se lle deu un remendiño pero si necesita unha actuación máis importante.

Sr. González Souto: Os plenos que están colgados na páxina Web do Concello solo chegan as actas ata xaneiro do ano 2020, están sen actualizar, polo que fago o seguinte rogo, se podedes actualízadeo.

A Miguel, gracias polo ton.

Sr. González Souto: Ao lado do kerosene, na rúa Joaquín Fernández Sestelo, estades colocando alí para unha xardiñeira, apreciei un certo risco, é que colocaron un cono no centro do que sería a estrutura metálica e deixaron catro espárragos en cada lado sen ningún tipo de precaución, existe unhas setas nas obras que posiblemente as acabaran roubando, etc... pero entendemos que non está debidamente protexido.

Sra. Alcaldesa: Advirtiremos a empresa, porque non debería quedar así.

PREGUNTAS:

Sr Núñez Troncoso: Na rúa Mártires de Sobredo ao final existe unha saída dun tubo, debe ser de pluviais, nos consta que hai queixas de veciños porque dito tubo impide o acceso aos montes que se serven por aquel camiño, qué solución se lle vai a dar?

Sra. Alcaldesa: Hai que cambiar o tubo de sitio, a min tamén mo trasladaron, si se lle continuidade o acceso aos montes xa queda solucionado.

Sr. González Souto: No pleno de decembro instamos á Deputación sobre o tema dos bordillos do carril bici, na Veiga do Louro tamén había un carril bici que estaba delimitado cuns bordillos idénticos e agora mesmo estase producindo o levantamento dese bordillo, polo tanto o Concello de Tui era consciente de que iso non era un bo sistema delimitador dun carril bici. Qué xestións fixeron ou cómo está ese tema que aprobamos en decembro ao respecto da retirada do carril bici?

Sra. Alcaldesa: As xestións e as mocións e os acordos se trasladan, é certo o que dis de Tui pero forman parte dun Plan específico do Concello, poderían gustarlles máis ou menos o carril que tiñan pero en ningún momento manifestaron, ou que eu teña coñecemento, disconformidade co carril, simplemente se trata de mellorar aquel espazo e acaban de empezar agora, creo que ademais está dentro do Plan Concellos, seguramente quedara moi chula e cando nós poidamos e teñamos financiación trataremos de mellorar tamén ese carril bici.



Sr. González Souto: Esa non era a pregunta a pregunta é simplemente se trasladou a moción e a Deputación non contestou a día de hoxe?

Sra. Alcaldesa: Non temos resposta a día de hoxe. No caso de Tui a estrada da Veiga do Louro estamos falando dun ámbito municipal, o caso de aquí de Salceda estamos falando dunha estrada da Deputación Provincial, eles poden actuar aprobando simplemente no Concello, nós non podemos facer iso porque temos que contar coa Deputación.

Sr. González Souto: Si a de Tui e de ámbito municipal e aquí non, por iso preguntaba se no seu momento se lle trasladou a Deputación pero a data de hoxe non hai contestación por parte Deputación, recórdolles que si poden insistir que foi un acordo plenario e creo que merece a plena recordallo.

Sr. Rodríguez Davila: Quería facer un rogo pero xa terminamos os 6. Era que consideraran a posibilidade de cambiar este equipo de megafonía dado os problemas que está dando, supoño que estará en garantía polo tanto vótelle un ollo e vexan si realmente merece a pena.

Sra. Alcaldesa: Eu creo que igual é un problema noso, Santi, eu fágome responsable que a esta hora igual non lle dou ao botón coa mesma enerxía que as 20:30.

Sr. Rodríguez Davila: Bromas a parte, Sra. Alcaldesa, vemos que nos pasa a todos, non é un tema puntual, o digo con toda a seriedade, está fallando entón vexan vostedes si é pertinente seguir co equipo, si no, porque ao final isto pagámolo todos, verdade?

Sr. Rodríguez Canosa: Este novo sistema que se puxo pois o anterior sistema había un problema que coa distancia COVID, os concelleiros estamos moito máis distanciados polo tanto o anterior equipo ía por cable e os cables non chegaban ata o fondo de todo, de feito houbo problemas nalgún pleno tanto con concelleiros do PSOE como do Partido Popular, que cando colleron o micrófono rompeulle o cable e desconectouse, tres ou catro veces se pediron cables para ese equipo que era antigo é estaba descatalogado e viñeron os cables e non se puideron utilizar, polo tanto decidiuse optar por un sistema inalámbrico. Revisaremos o equipo pero creo que falla por falta de costume, levabamos moitos anos co outro equipo.

Sr. Rodríguez Davila: O problema non é o inalámbrico o problema é o botón ao pulsar, escoitar se escoita ben o tema é a hora de pulsar e todos temos ese problema, non son eu nin o meu compañeiro somos todos entón o problema e o sistema que ten de botón non é que funcione mal por si a megafonía.

Sr. Rodríguez Davila: Ten o Goberno previsto traer a este pleno a licitación para a redacción do Plan Xeral, tan necesario para o noso Concello, si teñen algún prazo



previsto, e si é así que nolo trasladan.

Sra. Tourón Domínguez: Prazo previsto para a licitación non temos, si é verdade que empezamos a facer os primeiros contactos. A realidade é que non hai moitas empresas agora mesmo, sabedes que a que redactou o Plan está pechada e iso lle pasou a un montón delas, e quedan moi poucos profesionais, empresas dedicadas a isto porque os plans non saían, pero si que estamos a traballar na procura de empezar o tema, moito avanzado non hai, pola realidade tamén das circunstancias que se nos deron. Dende logo non vamos a ter un Plan Xeral nesta lexislatura, como todos sabemos un Plan Xeral non se aproba nin en dous nin en catro anos, intentaremos comezar cos traballos e intentaremos traer a esta mesa algo, as posibilidades dependen sobre todo porque queremos un plan con participación veciñal e agora mesmo tamén está complexo, pero dende logo comezaremos con iso.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

